



PREGO DE BASES DO CONCURSO PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓNS PARA REALIZAR ACTIVIDADES INHERENTES A PRESTACIÓN DE SERVIZOS Ó PASAXE EN PORTOS E INSTALACIÓNS PORTUARIAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

PORTO: O GROVE.

ÍNDICE:

CAPÍTULO I: OBXECTO DO CONCURSO, CONDICIONS XERAIS E CONDICIÓNS APLICABLES ÁS AUTORIZACIÓNS.

CAPÍTULO II: FORMALIDADES DO CONCURSO.

ANEXOS:

- **ANEXO I: PREGO DE PRESCRIPCIÓNS PARTICULARES APLICABLES Ó PORTO DO GROVE**
- **ANEXO II: MODELO DE PRESENTACIÓN, DECLARACIÓN RESPONSABLE E DE FORMULACIÓN DE COMPROMISOS POLO LICITADOR.**
 - **MODELO DE PRESENTACIÓN**
 - **ANEXO II- B: MODELO DE DOCUMENTO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**
 - **ANEXO II- C: MODELO DE DECLARACIÓN DE CRITERIOS DE DESEMPATE**
- **ANEXO III.- PREGO XERAL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES INHERENTES Á PRESTACIÓN DE SERVIZO AO PASAXE NOS PORTOS E INSTALACIÓNS PORTUARIAS DA**
- **COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**
- **ANEXO IV.- PLANO DE SITUACIÓN E PLANTA DAS INSTALACIÓNS**
- **ANEXO V.- MODELO DE AVAL PROVISIONAL/DEFINITIVO**
- **ANEXO VI: SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA.**
- **ANEXO VII: MODELO DE AVAL PROVISIONAL/ DEFINITIVO**



PREGO DE BASES DO CONCURSO PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR ACTIVIDADES INHERENTES Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS Ó PASAXE EN PORTOS E INSTALACIÓNS PORTUARIAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

CAPÍTULO I

OBXECTO DO CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO), CONDICIONS XERAIS E CONDICIÓNNS APLICABLES ÁS AUTORIZACIONS.

1. OBXECTO DO CONCURSO.

O obxecto do presente concurso segundo o disposto no artigo 119 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, a Lei 5/2011, do 30 de setembro de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, de xeito supletorio en aqueles casos que sexa de aplicación, é a selección de ofertas cara ao outorgamento de autorizacións para a realización de actividades inherentes a prestación de servizos ao pasaxe nos portos dependentes de Portos de Galicia indicado. O número máximo de autorizacións a outorgar figura nas prescricións particulares aplicables ós porto/s, que se inclúen como ANEXO I do presente prego.

A actividade de prestación de servizos ao pasaxe que se regula neste prego, comprende e é de aplicación tanto aos transportes de tipo regular como os temporais, con finalidade turística ou doutra índole. Non obstante, quedan excluídos os transportes de tipo ocasional.

Aos efectos que se sinalan no parágrafo que antecede, enténdese por transporte regular permanente aquel que se presta durante todo o ano, e temporal o que se presta con carácter discontinuo en períodos determinados ou en días limitados, pero en ámbolos dous casos con periodicidade determinada, mentres que os transportes ocasionais serán os que se prestan de maneira discontinua, carecendo dunha periodicidade e horarios concretos.

2. CONDICIONS XERAIS E DISPOSICIÓNS APLICABLES.

O presente prego de bases se aproba ao abeiro da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e do prego xeral para a realización de actividades inherentes á prestación de servizos ao pasaxe nos portos e instalacións portuarias da Comunidade Autónoma de Galicia aprobado polo Consello de Administración da entidade pública empresaria Portos de Galicia o 25.10.2018.

De maneira supletoria e en tanto non se opoña as estipulacións contidas na Lei 6/2017, de portos de Galicia e no prego xeral mais arriba citados, se estará o disposto no Real Decreto Legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos e da Mariña Mercante e demais disposicións que resulten aplicables ao dominio público portuario e as actividades e servizos que se desenvolven nos portos.

3. CONDICIÓNNS APLICABLES ÁS AUTORIZACIÓNS.

3.1.- CONTIDO DAS AUTORIZACIÓNS.

As autorizacións outorgadas como consecuencia da resolución do presente concurso darán dereito aos seus titulares a realizar, nun réxime de auto prestación, o servizo sobre o seu propio pasaxe no ámbito territorial definido no procedemento, e que reúnan a condición de transportistas ou transportistas executores de pasaxeiros e os seus equipaxes e/o de vehículos en liñas de navegación marítima ou de tráfico interior ou de ría, tanto si ostentan a condición de propietarios (é dicir de navieiros ou armadores) como de fretadores ou empresas explotadoras do buque, con estrita suxeición ás condicións establecidas no presente prego de bases, no prego de condicións xerais regulador das actividades inherentes á prestación de servizos ao pasaxe en portos autonómicos que se inclúe como anexo III, e nas prescricións particulares aplicables ao porto para o que se presenta oferta que se inclúen no ANEXO I do presente prego.





3.2.- ATRAQUES.

Cada autorización habilitará para efectuar as operacións de embarque e desembarque nun dos puntos de atraque do porto para o que se presenta oferta, que se sinalan no plano incluído como anexo IV.

Os puntos de atraque serán asignados motivadamente e en base a criterios de explotación e de ordenación de tráfico portuarios por Portos de Galicia no momento de outorga-las autorizacións aos prestadores seleccionados.

En función do que se estableza nas prescricións particulares, e cos límites derivados da dispoñibilidade de espazos, da capacidade das instalacións e da seguridade marítima, os puntos de atraque serán empregados polos titulares das autorizacións de maneira exclusiva ou de maneira compartida con outros titulares; neste último caso, Portos de Galicia incluírá nas prescricións particulares os tramos horarios que, en función do tempo máximo previsto para o embarque e o desembarque impidan a coincidencia horaria, tendo a estes efectos preferencia na adxudicación aquelas ofertas que houberan obtido maior puntuación na fase de selección.

Agás que nas prescricións particulares se prevea o contrario, os puntos de atraque asignados serán empregados de maneira exclusiva para realiza-las operacións de embarque e desembarque nas condicións previstas nesas prescricións particulares e no prego xeral regulador da actividade.

3.3.- EMBARCACIÓNS.

As embarcacións empregadas polas empresas prestadoras serán, de maneira exclusiva, as que se recollan expresamente nas autorizacións; neste senso, a substitución das embarcacións esixirá segui-lo protocolo e aporta-la documentación que se esixe na condición 27ª do prego xeral regulador da actividade. En todo caso as embarcacións de substitución deberán ter prestacións similares ou superiores as seleccionadas mediante o presente procedemento, podendo Portos de Galicia, nese caso, denegar o cambio de embarcación.

En función da dispoñibilidade de espazos, da capacidade das instalacións e da seguridade marítima, as prescricións particulares do concurso aplicables a cada porto poderanse limitar as características técnicas de eslora, manga, puntal e calado de casco das embarcacións, e igualmente, poderanse limitar o número de embarcacións que serán autorizados a cada un dos titulares de autorizacións.

Non serán admitidas no presente procedemento embarcación que teñan consideración de embarcación deportiva, aínda que realice tráfico de pasaxe. E dicir, embarcacións de 6ª lista que teñan menos de 24 metros de eslora e transporten pasaxeiros nun número non superior a 12.

3.4.- DESENVOLVEMENTO DAS OPERACIÓNS.

As actividades e as operacións de servizo ao pasaxe desenvolveranse con estrita suxeición ao establecido no prego de condicións xerais polas que se rexen as actividades inherentes á prestación de servizos ao pasaxe nos portos autonómicos e nas prescricións particulares aplicables ao porto para o que se presenta oferta.

Eventualmente, en función da dispoñibilidade de espazos e da capacidade das instalacións, por razóns de seguridade marítima, e en calquera caso sempre que os puntos de atraque sexan de uso compartido, as prescricións particulares limitarán o tempo máximo que se pode empregar en operacións de embarque e desembarque.

Os mencionados pregos de condicións xerais e as prescricións particulares se integran e forman parte da presente convocatoria, de xeito que a presentación dunha oferta implicará para o participante licitador a aceptación íntegra e incondicional do seu contido.

No suposto de que o longo da vixencia da autorización Portos de Galicia implante un aplicativo para facilitar a venda e control dos billetes vendidos polas empresas operadoras, asumindo o desenvolvemento e implantación do aplicativo e do equipamento necesario para o control de accesos ós atraques, cada empresa operadora queda obrigada polo presente prego a asumir, no seu caso, a implantación dunha ou varias terminais para a expedición dos billetes conforme o sistema a implantar por Portos de Galicia. Non asumir esta obriga, cando así fora exixido, será causa de extinción da autorización.



3.5.- INSTALACIÓNS OU BENS DE EQUIPO POSTOS A DISPOSICIÓN DOS TITULARES DAS AUTORIZACIÓNS.

As instalacións ou bens de equipo tales como casetas para venda de billetes, tomas de auga ou electricidade, pasarelas, etc., que, de se-lo caso, se poñan a disposición dos titulares das autorizacións, se recollerán nas prescricións particulares aplicables a cada porto e na propia autorización.

A posta a disposición de tales superficies e instalacións ou de bens de equipo, consumibles ou non, estará suxeito, de se-lo caso, á obtención das autorizacións e ao aboamento das taxas que sexan legalmente procedentes.

A autorización outorgada a estes efectos quedara integrada a autorización de pasaxe mentres dure a vixencia da mesma, incorporando, no seu caso, as condicións específicas para a súa explotación.

Xunto coa autorización de atraque autorizarase, no seu caso, a ocupación de parcela portuaria para instalación de caseta para uso exclusivo de venda de billetes das rutas autorizadas, na localización e coas dimensións indicadas nas prescricións particulares deste prego definidas no ANEXO I.

3.6.- PRAZO DAS AUTORIZACIÓNS

En ampliación do disposto nos apartados 1 e 2 do artigo 121 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia as autorizacións outorgadas como consecuencia da resolución do presente concurso terán **unha duración de 7,5 anos, non podendo ser prorrogadas.**

Serán causas de extinción as establecidas no artigo 45º do prego de condicións xerais polas que se rexerán as actividades inherentes a prestación de servizo portuario especial ao pasaxe en portos e instalacións portuarias da comunidade autónoma de Galicia.

Concretamente será causa de extinción a falta de actividade durante un período de 6 meses consecutivos ou durante un período de 15 días dentro da tempada alta de máxima actividade que vai de xuño a setembro ambos incluídos.

Estas autorizacións non poderán quedar vinculadas en ningún caso a un título administrativo de ocupación do dominio público portuario que teña un prazo de vencemento que exceda do previsto para a autorización. Correlativamente, ningunha autorización obxecto deste prego poderá ter un prazo que exceda ao do título administrativo de ocupación do dominio público portuario ao que se vincule, ser fora o caso.

4. TAXAS, TRIBUTOS E GASTOS.

As empresas seleccionadas ás que se lle outorgue unha autorización, aboarán as tarifas correspondentes aos servizos xerais ou específicos previstos na lexislación vixente nos termos que se recollen na cláusula 15ª do prego de condición xerais que se inclúe como anexo III ao presente prego, así como nas definidas no prego de prescrición particulares no que respecta a ocupación de superficie para localización de casetas de venda de billetes, no seu caso.

A contía concreta da tarifa X-3 en función do tipo de navegación e da modalidade de pasaxe, liquidarase por meses vencidos en base á documentación que se recabe durante o mes correspondente. A cantidade anual liquidada non poderá ser inferior á correspondente ó tráfico mínimo comprometido no presente procedemento ou, no seu caso, o tráfico mínimo comprometido pola empresa solicitante. No suposto de que os datos reais acumulados non acaden o tráfico mínimo comprometido realizarase unha liquidación complementaria para reflectir a diferenza.

Tamén serán de aplicación no seu caso, a taxa por ocupación de dominio publico E-2, superficie descuberta para instalación de caseta portátil para venda de billetes. A taxa específica será a indicada no prego de prescricións particulares do presente procedemento, ANEXO I, en concreto a reflectina na condición 11ª.

Será igualmente da súa conta o aboamento de tódolos gastos, impostos ou arbitrios que se ocasionen con motivo da tramitación desta convocatoria e do desenvolvemento da súa actividade. En concreto, o pago dos gastos da licitación efectuarase a prorrata entre as empresas adxudicatarias.





CAPÍTULO II

FORMALIDADES DO CONCURSO.

5. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

A selección das ofertas ás que se lles outorgarán autorizacións de auto prestación de servizos sobre a pasaxe farase por medio de concurso (sistema multicriterio) público, polo procedemento aberto.

Polo tanto, o presente procedemento ten natureza preparatoria do procedemento de outorgamento de autorización, inseríndose como fase previa a aquel, derivando para quen resulte seleccionado/adjudicatario no concurso o dereito a que se inicien os trámites establecidos na normativa portuaria de aplicación para o eventual outorgamento da dita autorización.

A tal efecto, coa selección dos licitadores/adjudicación do concurso entenderase rematada a fase de concorrencia competitiva, de xeito que as ofertas que resulten seleccionada no concurso (sistema multicriterio) serán sometidas á tramitación establecida na lexislación vixente en materia de portos para o outorgamento de autorizacións, sen prexuízo doutros permisos, autorizacións e licenzas que deberá obter o adjudicatario.

6. FACULTADE DE PORTOS DE GALICIA DE DECLARAR DESERTO O SISTEMA MULTICRITERIO (CONCURSO).

Portos de Galicia resérvase expresamente a facultade de declarar deserto o concurso (sistema multicriterio) en todo ou en parte cando estime que ningunha das ofertas presentadas non satisfán as necesidades de explotación portuaria nin cobren minimamente as condicións fixadas nas prescricións aplicables á prestación do servizo.

7. CONDICIÓNS DA LICITACIÓN

7.1.- LICITADORES

A) Licitadores: aptitude e capacidade

Poderán ser titulares de autorizacións as persoas físicas ou xurídicas, españolas, doutros países da Unión Europea ou de terceiros países, condicionadas estas últimas á proba de reciprocidade, agás nos supostos en que os compromisos da Unión Europea coa Organización Mundial do Comercio non esixa o dito requisito, que non estean incursas en causas de incompatibilidade ou de prohibición para contratar coa Administración e que, ao marxe da documentación que se esixe na seguinte condición, reúnan as seguintes condicións xerais de acceso:

- Xustificar a solvencia económica, técnica e profesional para facer fronte ás obrigas resultantes do servizo que se determinen no prego de bases regulador da actividade, mediante os medios que se indiquen na letra d) da presente condición 7.1.A)
- Estar ao corrente do cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social exixidas pola lexislación vixente. Considérase que a persoa interesada se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social cando concorran as circunstancias previstas na lexislación básica de contratos do sector público, de aplicación supletoria no presente prego de bases.
- Cumprir as condicións específicas necesarias para a axeitada prestación do servizo, de acordo co previsto na Lei 6/2017 de portos de Galicia, e na demais normativa de aplicación.
- Xustificar os requisitos de capacidade de prestación do servizo
- Dispoñer ou comprometerse a dispoñer dos medios humanos e materiais que sexan dabondo, a xuízo dos responsables técnicos de Portos de Galicia, para o desenvolvemento das operacións habituais, tanto as máis simples como as máis complexas, en condicións de seguridade, calidade, continuidade e regularidade en función das características da demanda.



- f. Operar con buques que non se atopen entre os que enarboren o pavillón dun Estado incluído na lista negra que se publica no informe anual do Memorando de París ou descrito como de alto ou moi alto risco na citada lista.
- g. Superar ou comprometerse xustificadamente a superar un volume de **servizos mínimo de 50.000 pasaxeiros anuais no pasaxe regular e 10.000 pasaxeiros anuais no pasaxe temporal**, contabilizándose por cada porto autorizado. O tráfico mínimo esixido en cada caso recollerase nas condicións particulares da autorización, e establecerase en función do compromiso do solicitante expresado no presente procedemento.

A comprobación do cumprimento do mínimo fixado efectuarase por anos naturais, e corresponderá á Dirección de Portos de Galicia. O incumprimento reiterado do tráfico mínimo, e en todo caso no acadar o 75% do tráfico mínimo comprometido en dous anos consecutivos poderá ser causa de extinción da autorización.

Advertir que as comunidades de bens non poderán presentar proposición e non serán admitidas á licitación e que respecto das sociedades civís, os seus estatutos e demais pactos deberán constar en escritura pública, que debe aportarse xunto coa documentación do sobre nº1, Documentación xeral.

A proba por parte dous empresarios de non estar incursos nas prohibicións para contratar realizarase segundo o sinalizado no artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de aplicación supletoria, así como na redacción establecida pola Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, sen prexuízo do establecido no segundo paragrafo do apartado 3 do artículo 140 da Lei 9/2017, a proba, por parte dos empresarios, de non estar incursos en prohibicións para contratar poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos. Cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público u organismo profesional cualificado.

As condicións de aptitude das empresas efectuarase de acordo co establecido no artigo 84 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e nos artigos 9 e 10 do RXLCAP, na medida en que non se opoñan ao establecido na LCSP, aplicable de xeito supletorio.

Respecto das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea, estarase ao disposto no artigo 84.2 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, aplicable de xeito supletorio.

Respecto das empresas estranxeiras non comunitarias deberán ter ademais domicilio en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións, indicando unha dirección postal e unha dirección de correo electrónico a efectos de notificacións.

Para poder optar á adxudicación do concurso sistema multicriterio os licitadores deberán estar ao corrente dos pagamentos a Portos de Galicia (este extremo será comprobado polos propios servizos da entidade pública empresaria), e non ter débedas coa Facenda estatal, autonómica, e coa Seguridade Social, este extremos tamén será comprobados por Portos de Galicia sempre que non se manifeste oposición por parte da empresa licitadora no modelo presentación do anexo II-B

B) Unión de empresarios

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, de conformidade co disposto no artigo 69 da Lei 9/2017 de contratos do sector público, de aplicación supletoria, cada un dos empresarios que compoñen a unión, deberá demostrar a súa capacidade de obrar e a clasificación ou no seu caso as solvencias económica e financeira e técnica, conforme á normativa, que se esixa para este procedemento.

Para que durante a fase previa á adxudicación do procedemento a unión de empresarios sexa eficaz fronte a Administración será necesario, a efectos da licitación, que os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal indiquen os nomes e circunstancias dos que a constitúan e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do procedemento de selección, con indicación de:





- Este compromiso estea asinado tanto polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión temporal como polo representante designado pola unión de empresarios.
- A duración da unión de empresarios será coincidente co prazo de vixencia da concesión/autorización obxecto final deste procedemento.

Non será necesaria a formalización da unión de empresarios en escritura pública ata que se efectúe a adxudicación do procedemento ao seu favor.

c) Grupo de empresas

Todas as empresas licitadoras, pertencen ou non a un grupo empresarial, entendendo por tal aquelas que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio ou sociedades nas que concorran algún destes supostos, deberán presentar unha declaración responsable na cal se faga constar a dita circunstancia, así como o suposto do mencionado artigo no que se encontren incursas, para os efectos do disposto no artigo 139.3 da LCSP e do 86 do RXLCAP, segundo o modelo que se achega como Anexo II-B. Deberase especificar, de se-lo caso, que outras empresas do grupo empresarial concorren á mesma licitación.

Unicamente poderán concorrer por parte dunha empresa ou do grupo de empresas ó que pertenza ó número de solicitude máximas que se estableza no prego de prescricións particulares aplicables o porto en concreto que motive a licitación, segundo o establecido no punto 3 do citado prego de prescricións particulares (ANEXO I).

d) Solvencia

Será obrigatorio a xustificación do cumprimento de solvencia económica, técnica e profesional para facer fronte ás obrigacións resultantes da autorización, concretamente segundo o indicado na condición 9.d) do prego de condicións xerais polas que se rexerán as actividades inherentes a prestación de servizo portuario especial ao pasaxe en portos e instalacións portuarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

A acreditación da solvencia cos umbrais de suficiencia que se establecen neste apartado, será esixida en todo caso aos licitadores que resulten adxudicatarios, sen prexuízo de que o órgano de contratación poida en calquera momento esixir esta acreditación a calquera licitador.

d.1) Respecto da xustificación do cumprimento da solvencia económica e financeira por algún dos seguintes medios:

Solvencia económica e financeira, técnica e profesional para facer fronte as obrigas resultantes do servizo. Para elo exixirase o cumprimento do disposto na letra g) da condición 8ª do prego que rexe actividade de pasaxe, que é concreto para este procedemento é o seguinte:

d.1.a) O solicitante deberá acreditar un volume anual de negocios, referido ó mellor exercicio dentro dos tres últimos enteiros dispoñibles por importe igual o superior ó indicado a continuación segundo o tipo de tráfico. Acreditarase mediante presentación de contas anuais dos últimos anos enteiros e declaración do solicitante indicando o volume de negocios global da empresa no ano máis vantaxoso. As contías mínimas a xustificar son as seguintes:

- Trafico regular: 165.000 €
- Trafico temporal: 120.000 €

d.1.b) Tamén se poderá acreditar xustificando a existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior as contías indicadas anteriormente segundo o tipo de tráfico que se solicite.

d.2) Respecto da xustificación do cumprimento da solvencia técnica ou profesional o solicitante deberá acreditar a solvencia técnica mediante declaración na que se indique a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a prestación do servizo, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente cando lle sexa requirido polos servizos técnicos de Portos de Galicia. Deberá incluírse na declaración a idoneidade do equipo proposto (humano e material) ó tipo de pasaxe se propón transportar.



Inclúese como requisito mínimo o COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DOS MEDIOS MÍNIMOS seguintes:

- Acreditación de dispoñibilidade de embarcación de pasaxe acorde ás necesidades do servizo, e a capacidade de atraque descrito no prego de prescricións particulares, achegando folla de asiento e certificado de navegabilidade, e cumprimento íntegro da normativa de navegación aplicable, xustificación da titularidade ou precontratos relativos a súa dispoñibilidade.
- Posta a disposición, sen prexuízo de cumprir coa tripulación esixida como mínima polas normativa de navegación, ben como parte da tripulación de cada embarcación ben como persoal de apoio en terra, como mínimo dun/ha mariñeiro/a coa formación axeitada, para prestar auxilio e axuda no embarque e desembarque a todas as persoas que amosen calquera tipo de dificultade motriz (coxeira, torpeza-dificultade na axilidade deambulatoria, cadeira de rodas, e calquera outra discapacidade das recoñecidas legalmente).
- Acreditación da posta a disposición dos medios de embarque/desembarque suficientes para garantir o embarque/desembarque con seguridade para todos os usuarios e en especial os que teñen mobilidade reducida. Deberase achegar descrición, información gráfica o demais documentos técnicos.

7.2.- . PUBLICIDADE. INFORMACIÓN Ó LICITADORES.

7.2.1. Perfil do contratante.

No perfil do contratante publicarase a información relativa a este procedemento de concorrência competitiva. Así mesmo, publicarase no perfil do contratante as respostas ás solicitudes de aclaración ao procedemento. O acceso ao perfil de contratante efectuarase a través da Plataforma de Contratación da Xunta de Galicia, a cal está interconectada coa Plataforma de Contratación do Sector Público. A este efecto poderase consultar toda a documentación e información de relevancia do procedemento de contratación, no perfil do contratante en:

<https://www.contratosdegalicia.gal/consultarorganismo>

Direccións electrónicas de acceso ao perfil do contratante de Portos de Galicia:

- ♣ Plataforma de Contratos Públicos de Galicia en: <http://www.contratosgalicia.gal>.
- ♣ Web institucional da Xunta de Galicia en: <http://www.xunta.gal>.
- ♣ Sede electrónica da Xunta de Galicia en: <https://sede.xunta.gal>
- ♣ Portal de Transparencia e bo goberno de Galicia en: <https://transparencia.xunta.gal>
- ♣ Plataforma de contratación do sector público en: <https://contrataciondelestado.es>

7.2.2 Información aos licitadores.

Desde o día da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante e ata a finalización do prazo de presentación de proposicións, o prego que rexerá o proceso de selección, así como a demais documentación que corresponda estará a disposición dos interesados no perfil do contratante.

O lugar, data, hora das aperturas do sobre 2 ó que se refire o presente prego pola mesa de contratación, así como o acto de adxudicación acordado pola Presidencia de Portos de Galicia e toda a demais información do procedemento farase pública no perfil do contratante. Así mesmo, proporcionarase a todos os interesados no procedemento de licitación, como moi tarde 6 días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, aquela información adicional sobre os pregos e documentación complementaria que estes soliciten, coa condición de que a pidiran polo menos 12 días antes de que transcorrese o prazo de presentación das proposicións. Nos casos en que o solicitado sexan aclaracións ao establecido nos pregos ou o resto de documentación, as respostas terán carácter vinculante e, neste caso, faranse públicas no perfil do contratante en termos que garantan a igualdade e concorrência no procedemento de licitación.





7.3.- SISTEMA DE PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS.

7.3.1. Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX).

O procedemento se porá a disposición á través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), que permite a presentación electrónica de ofertas. O Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), está regulado pola Orde do 28 de xullo de 2010.

Modo de acceso:

www.conselleriadefacenda.es/silex

Requisitos dos licitadores:

- Deben contar cun certificado electrónico válido emitido por unha autoridade certificadora das admitidas polo CIXTEC. A relación dos certificados admitidos pódese consultar na sección “Requirimentos necesarios” do apartado e-trámites.
- Deben estar dados de alta no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma e con certificado vixente. Requisitos do equipo informático, formatos electrónicos dos documentos e firma dixital de ofertas.
- Para licitar no SILEX, deberánse cumprir os requisitos básicos que se indican no apartado “Axuda” da páxina principal: www.conselleriadefacenda.es/silex
- A documentación presentada no SILEX debe estar nun dos formatos seguintes: .doc, .odt, .xls, .ods, ppt, pdf, .rtf, .jpg, .bmp, .tiff, ou calquera outro dos admitidos no SILEX.
- Toda a documentación presentada poderá ser asinada dixitalmente a través do Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) mediante o certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas. O Sistema permite asinar dixitalmente a documentación da oferta por unha ou varias persoas.
- Calquera documento asinado dixitalmente con carácter previo á súa incorporación no SILEX deberá vir en formato pdf, e estar asinado co estándar de firma “PDF/PDF Advanced Electronic Signatures” (PAdES).

A presentación da oferta mediante o SILEX, supón a aceptación expresa e o consentimento do licitador para a obtención dos datos da empresa que constan no Rexistro Oficial de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, aos únicos efectos da comprobación dos seus datos para esta licitación. O sistema de licitación electrónica garante que as ofertas enviadas polos licitadores sexan emitidas e rexistradas de forma que sexa imposible coñecer o seu contido salvo no momento e polo persoal autorizado legalmente para iso. Para tal efecto, as ofertas son remitidas á unidade que tramita o expediente, cifradas e fragmentadas.

Será responsabilidade dos licitadores asegurar que as ofertas se envían libres de código malicioso que dificulte ou imposibilite a súa lectura. En calquera caso, a mera presenza de código malicioso na oferta non determinará por si mesma a exclusión desta, sempre que se poida ter acceso ao seu contido. Se a documentación que se achegue fose xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte da Mesa de Contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou portal da entidade ou organismo que xerou devandito documento. Na súa falta a documentación achegada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co disposto nas seguintes referencias normativas:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 4/2019, de xullo, de administración Dixital de Galicia

ADVERTENCIA DE INTERESE:

Pese o indicado neste punto, en tanto en canto non estea habilitado no sistema SILEX a posibilidade de dar de alta expediente de concesións/autorizacións de dominio publico as propostas presentaranse do seguintes

Página 9 | 64

Prego de bases do concurso para o outorgamento de autorizacións para realizar actividades inherentes a prestación de servizos ó pasaxe en portos e instalacións portuarias da Comunidade Autónoma de Galicia: porto do Grove visado pola s.x.-asesoría xurídica



xeito:

As proposicións acompañadas da documentación que se especifica no presente Prego presentaranse no rexistro da entidade pública Portos de Galicia, sito na Praza de Europa, Portal 5-A, 6º B, Área Central-Fontiñas, 15707 de Santiago de Compostela, dentro das horas hábiles de oficina (de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas), dirixidas á presidencia de Portos de Galicia, dentro do prazo sinalado no anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e na plataforma de contratación da Xunta de Galicia, ou enviaranse por correo administrativo (será requisito indispensable que se trate dunha oficina da entidade Correos prestadora do Servizo Postal Universal) dentro do prazo de admisión indicado, debendo inescusablemente o licitador xustificar a data de imposición do envío anunciándoo a Portos de Galicia, mediante fax (981 545324), burofax, telegrama, no mesmo día, e nun só envío.

Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de finalización do prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, non obstante, dez (10) días naturais seguintes á indicada data sen terse recibido a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Naqueles supostos nos que o último día hábil para a presentación de solicitudes coincida en sábado, domingo ou festivo, entenderase prorrogado ó primeiro día hábil seguinte; nestes casos, tamén poderán presentar as ofertas no rexistro Xeral da Xunta de Galicia, sito no edificio administrativo de San Caetano, aínda que, de facelo así, o licitador deberá de comunicar ó órgano de contratación a presentación da oferta no Rexistro Xeral mediante telegrama ou burofax, no mesmo día ou no día hábil seguinte.

NO ANUNCIO DE LICITACIÓN INDICARASE SE O PROCEDEMENTO ESTÁ DE ALTA EN SILEX OU POLA CONTRA A PRESENTACIÓN SERÁ NO REXISTRO PRESENCIAL DE PORTOS DE GALICIA.

7.3.2 Presentación das proposicións.

A presentación das proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para poder ser adxudicatario do procedemento.

Cada licitador/a non poderá presentar mais dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se xa o fixera individualmente ou a través do grupo de empresas ó que pertence, ou figurar en mais dunha unión temporal. O incumprimento desta condición dará lugar a que non se admitan as propostas presentadas polo/a mesmo/a.

O licitador poderá presentar a documentación esixida en documentos orixinais ou copias.

Os prazos de presentación das ofertas e das solicitudes de participación ampliaranse cando por calquera razón Portos de Galicia non atendesen, seis días antes de que finalice o prazo de presentación de ofertas, o requirimento de información que a persoa interesada houber formulado polo menos 12 días antes do transcurso do prazo de presentación das proposicións ou das solicitudes de participación, e a citada información adicional solicitada teña un carácter relevante para os efectos de poder formular unha oferta ou solicitude que sexan válidas.

Así mesmo, ampliarase o prazo de presentación das ofertas e solicitudes de participación no caso de que se introduzan modificacións significativas nos pregos que rexen a convocatoria.

A duración da prórroga en todo caso será proporcional á importancia da información solicitada pola persoa interesada.

Sen a concorrencia de ambos os requisitos non será admitida a proposición se é recibida pola Presidencia de Portos de Galicia con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio.

7.3.2.1 Forma de presentación.





a) As persoas licitadoras deberán presentar dous sobres en formato de arquivos electrónicos de forma que se garanta o secreto do seu contido, sinalados cos números 1 e 2.

- “Arquivo electrónico Sobre nº 1: Documentación administrativa”.
- “Arquivo electrónico Sobre nº 2: Documentación relativa aos criterios de adxudicación valorados mediante a aplicación de criterios obxectivos ou de fórmulas”.

Sempre que o prego refírase a documentación presentada en sobres, entenderase que se trata de documentación a presentar en arquivos electrónicos.

b) As proposicións constarán de 2 arquivos electrónicos e asinados polo licitador ou persoa que o represente.

No nome da cada arquivo deberá identificarse o numero do sobre a que se refire o seu contido. Cada sobre deberá presentarse en un arquivo independente denominados:

Sobre_1_documentación_administrativa_(EMPRESA)

Sobre_2_documentación_técnica valorable_(EMPRESA)

O contido de cada sobre se presentará todo nun único arquivo, debendo figurar na primeira paxina do arquivo un índice no que se identifique a empresa e a convocatoria e a relación de documentos que se achegan coa súa paxinación correspondente.

En cada arquivo (sobre), na primeira páxina incluírase un índice que reflecta o seguintes:

Sobre nº 1: Documentación administrativa:

- Título da licitación.
- Referencia completa do expediente, segundo consta no anuncio de licitación.
- Licitador: nome e CIF.
- Persoa representante.
- Domicilio social.
- Número de teléfono fixo, e móbil e de correo electrónico a efectos de notificacións en notifica.gal
- Dirección de correo electrónico.
- De ser o caso, o número de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia (Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia).
- Data e firma.

INDICE DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN:

Documento 1: _____

Documento 2: _____

Toda a documentación das proposicións presentadas deberá vir en galego ou en castelán. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial a unha destas linguas.

ADVERTENCIA DE INTERESE: EN TANTO EN CANTO NO ESTEA HABILITADOS O PROCEDEMENTO DE AUTORIZACION/CONCESIONS DEMANIAIS NA PLATAFORMA SILEX DEBERÁ ACHEGARSE A DOCUMENTACIÓN Ó REXISTRO PRESENCIAL INDICADO NO PUNTO 7.3.1., NO FORMATO INDICADO EN SOPORTE CD OU UNIDADE EXTRAIBLE E PRESENTADO EN DOUS SOBRES PECHADOS.

ADEMAIS DEBERÁ ACHEGARASE UNHA COIPA EN PAPEL DENTRO DE CADA SOBRE DA DOCUMENTACIÓN CORRESPONDENTE A CADA UN DOS DITOS SOBRE. A INCLUSIÓN DA COPIA EN PAPEL NOUTRO SOBRE, SERÁ CAUSA DE EXCLUSIÓN DA EMPRESA SOLICITANTE. NO EXTERIOR DO SOBRE REFLECTIRASE A MESMA INFORMACIÓN QUE NO INDICE INDICADO NO APARTADO ANTERIOR.



7.3.2.2. Activo electrónico Sobre nº 1. Documentación administrativa.

Os documentos para incorporar neste arquivo serán en formato pdf asinado electrónicamente e achegaranse ordenados tal como se indica a continuación, debendo figurar o índice indicado non punto anterior, e serán os seguintes:

- Presentación do licitador: O licitador deberá cumprimentar á súa presentación conforme ao modelo que figura en ANEXO II ao presente prego.
- Presentarase declaración responsable segundo se indica na letra a) deste apartado.
- Compromiso de dedicar ou adscribir ao contrato obxecto de autorización dos medios persoais e materiais mínimos requiridos neste Prego para a súa execución, e cuxa efectiva adscripción considerase obriga esencial, con indicación expresa de cada un dos medios comprometidos.
- O licitador que pretenda facer uso dos criterios de preferencia en caso de empate de proposicións, deberá presentar unha declaración xurada conforme ao Anexo II-c deste Prego onde se indique a posesión de cales dos criterios de desempate se establecen neste Prego.

a) Presentarase unha declaración responsable que se axustará o modelo incluído no anexo II-B.

En todo caso esta declaración responsable deberá presentarse necesariamente acompañado do modelo que figura no Anexo I. B deste prego.

No caso de que a entidade solicitante recorra á solvencia e medios doutras empresas deberá achegar a súa propia declaración xunto con outra/s separada/s na que figure a información pertinente por cada unha das entidades de que se trate. As persoas empresarias que desexen concorrer integradas na unión temporal, deberán presentar unha declaración separada na que figure a información requirida por cada empresa participante.

b) Empresas estranxeiras.

As empresas estranxeiras achegarán declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir da licitación/autorización, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder á persoa licitadora. A dita manifestación formularase no apartado correspondente do anexo II- B.

c) Relación de empresas pertencentes ao mesmo grupo.

As persoas solicitantes deberán presentar declaración, segundo apartado correspondente do modelo do anexo II- B do presente prego, ben de que non pertence a ningún grupo de empresas ou ben de que se atopa nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio e pertence a un grupo de empresas, con indicación da relación das empresas do devandito grupo e das que se presentan á licitación. A dita manifestación formularase no apartado correspondente do anexo II- B.

d) Declaración de confidencialidade. De conformidade co establecido na cláusula 7.3.2.3, as persoas licitadoras poderán presentar unha declaración, designando que documentos administrativos e técnicos e datos presentados son, ao seu parecer, constitutivos de ser considerados confidenciais. O modelo para a devandita declaración atópase no anexo II-B correspondente deste Prego.

e) Unións temporais. As persoas empresarias que concorran á licitación agrupadas en unións temporais deberán presentar unha declaración de compromiso de constitución en unión temporal, conforme ao modelo establecido en anexo a este prego, indicando os nomes e circunstancias das que a subscriben, a porcentaxe de participación de cada unha delas, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarias da licitación e designando á persoa ou persoas que durante a





vixencia do contrato han de ostentar a plena representación de todas diante a Administración.

f) Declaración de datos para as notificacións electrónicas. As persoas licitadoras presentarán unha declaración designando á persoa autorizada para recibir as notificacións electrónicas derivadas deste procedemento de concorrência. A dita declaración realízase no anexo II- B.

Se no Sobre número 1 figurase documentación correspondente ao contido do sobre número 2 ou, no seu caso, do 3 o licitador será excluído do procedemento de adxudicación do contrato por vulnerar o carácter secreto das proposicións.

7.3.2.3. Arquivo electrónico Sobre nº 2: Documentación relativa aos criterios de adxudicación valorados de xeito obxectivo ou mediante formulas.

Neste arquivo incluírase a documentación especificada a continuación correspondente do presente Prego acompañada, no seu caso, da declaración de confidencialidade segundo modelo do anexo procedente. Deberá conter por tanto a documentación acreditativa das circunstancias para ter en conta na valoración do procedemento aberto, de acordo cos criterios de adxudicación do mesmo.

Así mesmo, entre a documentación que integra o sobre nº 2 en primeiro lugar, deberá incluírse un índice que relacionará cada un dos documentos que integran o citado sobre debendo estar todos e cada un deles convenientemente asinados.

Toda a documentación das proposicións presentadas deberá vir en galego ou en castelán. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial a unha destas linguas.

CONTIDO:

O licitador deberá presentar un estudo técnico dos servizos ofertados, que deberá cumprir o establecido no Pregos xerais de condicións e particulares de prestación do servizo (anexo I e anexo III) do concurso. As condicións de alcance, intensidade e características dos diferentes servizos especificadas en dito Prego teñen carácter de mínimas obrigatorias, debendo ser polo tanto cumpridas na oferta, se ben poden ser ampliadas ou melloradas polo licitador. En tódolos extremos non especificados na oferta entenderase que o licitador propón os correspondentes indicados no Prego de Prescricións Técnicas.

NOTA DE RELEVANCIA-ACLARACIÓN: No suposto de que, no seu caso, o licitador concorra con varias solicitudes segundo o máximo permitido no anexo I, presentará as solicitudes nunha sola plica pero deberá identificar de xeito claro as embarcacións coas que se oferta prestar o servizo e deberá achegarse toda a documentación, de xeito claramente identificado e separado, relativa a cada embarcación, para poder ser valorada de xeito independente.

A documentación mínima será a seguinte:

A documentación a presentar dentro deste sobre atenderá sempre á xustificación dos aspectos sinalados como criterios de adxudicación, así como a acreditación dos ditos aspectos avaliábeis, para o cal deberán achegar aquela documentación xustificativa dos aspectos dos que xa dispoñen ou ben compromisos específicos dos aspectos a implementar no suposto de ser adxudicatarios. Neste último caso deberase concretar o período estimado de posta en servizo, o cal non será valorado se é superior a TRES MESES, desde o outorgamento da autorización.

Dado que todos os criterios de valoración definidos neste pregos de bases son criterios obxectivos, no suposto de que estes non quedan suficientemente acreditados serán valorados con CERO puntos.



Unicamente serán valorados os servizos e melloras que sexan ofertados de xeito permanente e continuo durante a duración da autorización.

A totalidade da oferta será vinculante para o solicitante, sendo causa de extinción da autorización o incumprimento da dita proposta.

A.- ORGANIZACIÓN:

Deberase incluír neste sobre a memoria explicativa de prestación integral do servizo, facendo especial fincapé nos aspectos avaliábeis.

Deberanse describir as rutas ofertadas con indicación, no seu caso, das rutas en terra complementarias das marítimas, describíndoas.

Indicarase con claridade a tipoloxía de viaxes ofertados e a tipoloxía dos potenciais clientes a quen van dirixidos, indicando se se trata de viaxes destinados a particulares, a grupos, previamente contratados, ou mediante venda directa.

Con respecto a descrición das liñas deberá expresarse con claridade a oferta de horarios e calendario o longo do ano, para poder coñecer en detalle a oferta proposta.

No suposto de ofertar viaxes regulares entre diferentes localidades, deberase describir en que consisten os ditos servizos, describindo frecuencias, horarios e períodos nos que se pretende desenvolver.

Tamén se deberá incluír unha descrición da proposta de organización e de procedementos aplicable ao desenvolvemento das actividades; valoraranse en especial tódolos aspectos relativos á organización desde a venda dos billetes ata a finalización do percorrido, calidade, claridade e accesibilidade da información ofrecida cara os usuarios e a Administración, tipoloxía das viaxes ofertadas, frecuencias, e intensidade do servizo de acceso con especial incidencia nas cuestións relativas á seguridade.

Incluirase unha descrición do plan de organización das actividades con expresa indicación dos medios humanos e materiais cos que conta. Especialmente o persoal adscrito con carácter fixo e eventual que se utilicen en períodos de máxima actividade, así como titulación, competencia e experiencia dos ditos medios humanos na prestación destes servizos.

Tamén se deberá indicar para ser valorado a descrición dos servizos de bar e/ou catering ofertado, avaliándose unicamente se se trata de servizos estables que se presten durante a vixente da autorización.

B.- MEDIOS MATERIAIS POR RIBA DOS MÍNIMOS ESIXIDOS.

Identificación e descrición da embarcación/s coas que se vai prestar o servizo, capacidade, antigüidade, características técnicas relativas a zona cuberta e descuberta, visión submarina, dispoñibilidade de aseos para mulleres, homes e adaptados, dispoñibilidade de rede wifi, etc.

Dotación de medios materiais propostos a disposición ós usuarios de guías informativas en caso de emerxencias, documentación acreditativa da capacidade dos botes de emerxencia, número de chalecos salvavidas, melloras na seguridade, medios de reparación e mantemento dos buques, condicións de adaptabilidade para persoas con mobilidade reducida, confortabilidade e capacidade, dispoñibilidade e embarcacións auxiliares de reposición. Descrición de outros medios materiais postos a disposición a prestación do servizo, como dispoñibilidade de oficina nas proximidades do porto.

Debera achegarse neste sobre número 2 toda a documentación descritiva e xustificativa para poder ser valorada a proposta. Non se admitiran declaracións de intencións sen aportar documentación acreditativa.

C.- DOTACIÓN E CUALIFICACIÓN DO PERSOAL PROPOSTO POR RIBA DO MÍNIMO ESIXIDO

Dotación e cualificación que exceda do mínimo legal esixible do persoal proposto.

Indicación de relevancia: Considerarase como MÍNIMO ESIXIBLE en relación a medios persoais e materiais:





Posta a disposición, sen prexuízo de cumprir coa tripulación esixida como mínima polas normativa de navegación, como parte da tripulación de cada embarcación e/ou como persoal de apoio en terra, como mínimo dun/ha mariñeiro/a coa formación axeitada, para prestar auxilio e axuda no embarque e desembarque a todas as persoas que amosen calquera tipo de dificultade motriz (coxeira, torpeza-dificultade na axilidade deambulatoria, cadeira de rodas, e calquera outra discapacidade das recoñecidas legalmente).

Ademais do persoal esixido como mínimo tanto polos requisitos establecidos por Capitanía Marítima, como polos requisitos de solvencia técnica existidos no presente prego e reflectidos no parágrafo anterior, deberase describir os medios humanos postos a disposicións para a prestación do servizo no relativo a; patrón e mecánico por encima do mínimo esixido; guía turístico; responsable de medio ambiente.

Para poder valorar este medios humanos postos a disposición deberase achegar neste sobre currículo, titulación acreditativa, porcentaxe da súa dedicación e compromiso de adscrición o servizo de pasaxe solicitado.

NOTA: Para poder acreditar as melloras deberase achegar, no presente sobre nº2, certificado de Capitanía Marítima no que se indique con claridade a tripulación mínima da embarcación que vai prestar o servizo e para a cal se solicita a autorización, do contrario, e non sendo posible coñecer as melloras ofertadas sobre os requisitos mínimos legais esixidos, non será valorado este punto.

D.- SISTEMAS EMPREGADOS PARA O CONTROL DA CALIDADE E A RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

Descrición dos sistemas empregados pola empresa cara ao control da calidade e responsabilidade social corporativa da súa oferta (non podendo valorarse aquí o sistema de calidade que se refira á solvencia da empresa, senón o sistema que sexa condición específica e técnica da concreta oferta presentada), especialmente en función do establecido na súa proposta organizativa e de procedementos, específicas propostas para a actividade concreta da autorización. Deberá describirse neste apartado a dispoñibilidade de centro de atención ó usuario, xestión de reclamacións, formación en materia de calidade e responsabilidade social corporativa, programa formativo cara ós empregados e frecuencia na realización de controis de calidade na prestación do servizo.

E.- SISTEMAS EMPREGADOS PARA O CONTROL MEDIOAMBIENTAL

Descrición dos sistemas empregados pola empresa cara ao control medioambiental, especialmente en función do establecido na súa proposta organizativa e de procedementos, específicas propostas para a actividade concreta da autorización (non podendo valorarse aquí o sistema de control medioambiental que se refira á solvencia da empresa, senón o sistema que sexa condición específica e técnica da concreta oferta presentada), programa formativo cara ós empregados e frecuencia na realización de controis medioambientais na prestación do servizo.

F.- COMPROMISO DE TRAFICOS MÍNIMOS:

Neste apartado deberase facer declaración do tráfico mínimo ofertado o ano en función de si se trata de tráfico regular ou de tempada.

Este tráfico en ningún caso poderá ser inferior o mínimo establecido na condición 8.g) do prego de condicións xerais polas que se rexerán as actividades inherentes a prestación de servizo portuario especial ao pasaxe en portos e instalacións portuarias da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que o licitador deberá comprometerse como mínimo a superar ou comprometerse xustificadamente a superar un volume de servizos mínimo de 50.000 pasaxeiros anuais no pasaxe regular e 10.000 pasaxeiros anuais no pasaxe temporal, contabilizándose por cada porto autorizado.

O tráfico mínimo ofertado en cada caso recollerase nas condicións particulares da autorización, e servirá de base como facturación mínima da taxa X-3.

G.- MELLORA DAS TAXAS:

Neste apartado deberase achegar proposta de mellora de taxas segundo modelo do ANEXO V.

Ofertarase a melloras da taxa E-2 por almacenaxe, locais e superficies, no que se refire á ocupación de parcela portuaria para depósito de caseta portátil para venda de billetes das rutas autorizadas.



Os licitadores deberán propoñer na súa oferta a mellora da taxa E-2 a aboar a Portos de Galicia, coa seguinte contía mínima:

Tarifa E-2 por almacenaxe, locais e superficies. Superficie descuberta

- Unha cantidade anual cunha contía mínima (IVE excluído) de **7,57 euros por m² de superficie** en terra para **usos de caseta de venda de billetes**, para unha superficie de 6 m².

Os valores unitarios están referidos o ano 2019, polo que serán susceptibles de actualización anual.

O licitador poderá propoñer na súa oferta unhas contías superiores desta taxa, neste caso a mellora entenderase en puntos porcentuais.

Nas contías das taxas indicadas nos parágrafos anteriores non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), debendo aplicarse a ditas contías os tipos impositivos vixentes en cada momento.

O aboamento, revisión, actualización, modificación, etc., destas taxas axustarase ao establecido nas condicións correspondentes do Prego de Condicións da concesión.

(*) INCIDENCIA DE RELEVANCIA: En caso de discordancia terá carácter de oferta vinculante por parte do licitador o valor da contía da taxa, sen que se considere a porcentaxe de incremento reflectido ós efectos da valoración, procedendo a Mesa de contratación a realizar a correspondente operación aritmética para obter a porcentaxe de mellora correcta, a cal será a porcentaxe válida.

8.- MESA DE CONTRATACIÓN, APERTURA DE OFERTAS E CRITERIOS DE VALORACIÓN

8.1.- CONSTITUCIÓN E COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

A mesa de contratación estará integrada por un presidente, un secretario e ao menos por dous vocais nomeados entre o persoal de Portos de Galicia pola presidencia de Portos de Galicia; entre os vocais deberá figurar o responsable da S^a. X.-Asesoría Xurídica e o responsable dos servizos económicos (ou persoas que os substitúan).

A composición da mesa de Mesa de Contratación publicárase no perfil do contratante do órgano de contratación cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que se celebre para a cualificación da documentación referida ao sobre 1 da documentación xeral.

a) Funcionamento: apertura de sobres, comprobación e valoración de ofertas e proposta de adxudicación.

As funcións da mesa de contratación serán as seguintes:

- a) A cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos establecidos no presente prego de bases, e, no seu caso, acordar a exclusión dos candidatos ou licitadores que non acrediten devandito cumprimento, previo trámite de corrección.
- b) A valoración das proposicións dos licitadores.
- c) No seu caso, a proposta de exclusión dunha oferta non acadar a cualificación mínima indicada no presente prego.
- d) A proposta a Presidencia de Portos de Galicia, de adxudicación do procedemento a favor do licitador/es que presentase/n a mellor oferta, segundo proceda de conformidade co prego de bases.

b)- Apertura da documentación administrativa (sobre nº1).

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, a mesa de contratación constituirase para o exame e cualificación da documentación administrativa, en función dos requisitos esixidos.

Se a mesa observase defectos ou omisións emendables, concederá un prazo non superior a tres días hábiles para achegar a referida documentación.



A estes efectos comunicase a través da plataforma de notificacións notifica.gal ós interesados informando da notificación mediante aviso ó correo electrónico e/ou SMS á dirección electrónica e teléfono móbil indicada na solicitude, e se farán públicas a través de anuncio da presidencia da mesa de contratación no perfil do contratante. A documentación requirida deberá obrar en poder da mesa da contratación, en todo caso, antes da hora indicada para a apertura do sobre nº2. Do actuado, deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

Os licitadores deberán remitir a documentación que corrixa ou emende os defectos observados ante a propia mesa de contratación, mediante escrito dirixido a/o secretario/a da mesma, que deberán **inescusablemente** presentar na sede electrónica da xunta, empregando o procedemento xenérico PR0004A, en tanto en canto non se habilite un procedemento específico.

8.3.- APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS NON VALORABLES DE FORMA AUTOMÁTICA (SOBRE 2).

Finalizado o prazo de emenda de proposicións, a mesa de contratación constituirase para a realización das seguintes actuacións:

- a) Revisión da documentación relativa á emenda de defectos ou omisións.
- b) Adopción dos oportunos acordos sobre admisión definitiva ou exclusión dos licitadores.

A apertura deste sobre levarase a cabo nun acto de carácter público que deberá ter lugar nun prazo non superior a sete (7) días a contar desde a apertura do sobre nº1 relativo á documentación administrativa presentada.

A estes efectos, sempre que resulte precisa a emenda de erros ou de omisións na documentación administrativa mencionada no parágrafo anterior, a mesa concederá para efectual-a un prazo inferior ao indicado ao obxecto de que o acto de apertura poida celebrarse dentro do dito prazo de sete días.

A mesa de contratación solicitará cantos informes técnicos considere pertinentes para realizar a avaliación desta documentación presentada polos licitadores.

Do actuado, deixarase constancia no acta que necesariamente deberá estenderse.

8.4.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS.

Para a valoración da oferta, teranse en conta os seguintes criterios, aos que se lle aplicarán as puntuacións establecidas para cada apartado na seguinte táboa número 1 e a táboa número 2 desagregada:

TABOA NÚMERO 1

REFERENCIA	SOBRE 2	puntuación máxima capítulo	Puntuación máxima por apartados
A	<u>ORGANIZACIÓN E PROCEDIMENTOS</u>	<u>32</u>	-
A.1.	Variedade das rutas ofrecidas en mar e en terra		3
A.2	Servizo ó usuario desde a compra do billete á finalización do traxecto.		4
A.3	Tipoloxía das viaxes e potencias clientes		12



A.4	Horario e calendario.		9
A.5	Melloras da organización		4
B	<u>MEDIOS MATERIAIS</u>	<u>35</u>	-
B.1	Embarcacións		32
B.2	Outros medios materiais	-	<u>3</u>
C	<u>DOTACIÓN E CUALIFICACIÓN DO PERSOAL POR RIBA DO MÍNIMO ESIXIDO</u>	<u>5</u>	<u>5</u>
C.1	Pola disposición de membro/s adicional/is con titulación de patrón a disposición en cada barco		1
C.2	Pola disposición de membro/s adicional/is con cualificación de mecánico acreditado a disposición en cada barco		1
C.3	Pola disposición de membro/s adicional/is con cualificación de guía turístico acreditada.		1
C.4	Pola disposición de membro/s adicional/is con cualificación de responsable de medio ambiente ou calidade.		1
C.5	Pola disposición de membro/s adicional/is, <u>sobre o mínimo esixido como solvencia técnica</u> , con <i>formación axeitada, para prestar auxilio e axuda no embarque e desembarque a todas as persoas que amosen calquera tipo de dificultade motriz (coxeira, torpeza-dificultade na axilidade deambulatorio, cadeira de rodas, e calquera outra discapacidade das recoñecidas legalmente)</i>		1
D	<u>D.- SISTEMAS EMPREGADOS PARA O CONTROL DA CALIDADE E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA:</u> <i>(Non podendo valorarse aquí o sistema de control de calidade que se refira á solvencia da empresa, senón o sistema que sexa condición específica e técnica da concreta oferta presentada).</i> Valoraranse as diversas medidas e que se poidan acreditar, e que serán as seguintes:	<u>5</u>	<u>5</u>
D.1	Dispoñibilidade de Centro de Atención ó Cliente presencial nas inmediacións do porto.		1
D.2	Implantacións dun sistema de xestión de reclamacións para usuarios con persoal con formación específica para resolver reclamacións, con compromiso vinculante de tempo máximo de contestación das reclamacións e sistemas de presentación de reclamacións con modelos normalizados.		2
D.3	Programa formativo comprometido que garanta a formación do persoal en materia de calidade e responsabilidade social corporativa específico para a prestación da actividade.		1





D.4	Frecuencia establecida na realización de controis de calidade na prestación do servizo. Valorarase se é inferior a seis meses.		1
E	E.- SISTEMAS EMPREGADOS PARA O CONTROL MEDIOAMBIENTAL	5	-
	<i>(Non podendo valorarse aquí o sistema de control medioambiental que se refira á solvencia da empresa, senón o sistema que sexa condición específica e técnica da concreta oferta presentada).</i> Valoraranse as diversas medidas que se poidan acreditar, e que serán as seguintes: Frecuencia dos controis medio ambientais realizados: emisión de gases, ruídos, consumos. Valorase unicamente se as frecuencias son inferiores a un ano.		
E.1	Frecuencia dos controis medio ambientais realizados: emisión de gases, ruídos, consumos. Valorase unicamente se as frecuencias son inferiores a un ano.		1
E.2	Programa formativo comprometido que garanta a formación do persoal en materia de medio ambiente.		1
E.3	Xustificación do emprego de equipamentos que garantan a redución de recursos (auga e enerxía).		1
E.4	Xustificación do emprego de enerxías renovables tanto na actividade marítima propiamente dita como nas complementarias.		1
E.5	Implantación de medidas preventivas sobre aspectos específicos nos que se prevea o impacto (redución de ruídos, redución de emisións a atmosfera, etc.).		1
F	F.- COMPROMISOS DE TRAFICO MINIMO	8	
F.1	Compromiso de trafico regular mínimo/ano		4
F.2	Compromiso de tráfico de temporada mínimo/ano		4
G.1	G.- MELLORA DAS TAXAS POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PUBLICO PORTUARIO. Valorarase no suposto de que xunto coa solicitude de atraque se solicite a ocupación de chan portuario para instalación de caseta de venda de billetes	10	
	TOTAL PUNTOS	100	

Para os efectos da obtención das valoracións das ofertas presentadas, cada un dos criterios indicados na táboa anterior desagregaranse do seguinte xeito:



TABOA NÚMERO 2

REFERENCIA	<u>SOBRE 2</u>	<u>puntuación máxima capítulo</u>	<u>Puntuación máxima por apartados</u>	<u>Puntuación máxima subapartado</u>	<u>Puntuación máxima desagregada</u>	<u>unidades</u>
A	ORGANIZACIÓN E PROCEDEMENTOS	32	-	-		
A.1.	Variedade das rutas ofrecidas en mar e en terra		3			
A.1.1	<i>Oferta dous rutas en mar</i>				1	
A.1.2	<i>Oferta tres rutas en mar</i>				2	
A.1.3	<i>Rutas complementarias en terra (unha ou mais de unha)</i>				1	
A.2	Servizo ó usuario desde a compra do billete á finalización do traxecto.		4			
A.2.1	<i>Dispoñibilidade de persoal de acompañamento ó buque</i>				1	
A.2.2	<i>Dispoñibilidade de medios audiovisuais durante o traxecto</i>				1	
A.2.3	<i>Servizo de venda no –liña de billetes mediante paxina web</i>				2	
A.3	Tipoloxía das viaxes e potencias clientes		12			
A.3.1	<i>Destinados a particulares</i>				1	
A.3.2	<i>Destinados a grupos en xeral ou por axencia</i>				1	
A.3.3.	<i>Servizos de conexión entre localidades con horario regular con menos ou igual de 3 servizos día a lo menos 6 meses o ano.</i>				5	
A.3.4	<i>Servizos de conexión entre localidades con horario regular con 4 o mais servizos día a lo menos 6 meses o ano.</i>				10	





A.4	Horario e calendario.		9			
A.4.1	Prestación do servizo ó longo do ano			3		
A.4.1.1	<i>Servizo prolongado do estival (período estival: xuño, xullo, agosto, setembro) con idénticos horarios (0,5 puntos/mes)</i>			2	0,5	puntos/mes
A.4.1.2.	<i>Servizo prolongado do estival (período estival: xuño, xullo, agosto, setembro) con xornada reducida (0,25 puntos/mes)</i>			1	0,25	puntos/mes
A.4.2	Viaxes diarias turísticas (0,25 puntos/viaxe día)			2	0,25	puntos/viaxe día
A.4.2.1	Viaxes diarias entre localidades con horario regular por riba dos 4 viaxes diarios (0,5 puntos/viaxe día de exceso)			1	0,5	puntos/mes
A.4.2.2.	Meses nos que se presta servizo entre localidades con horario regular por riba dos 6 meses. (0,5 puntos/mes de exceso)			1	0,5	puntos/mes
A.5	Melloras da organización		4			
A.5.1	Dispoñibilidade de servizo de bar a bordo				2	punto
A.5.2	Dispoñibilidade de servizo de catering, restauración ou degustación de produtos típicos a bordo				2	punto
B	<u>MEDIOS MATERIAIS</u>	<u>35</u>	-	-		
B.1	Embarcacións		32			
B.1.1	<u>Capacidade en número de pasaxeiros</u>	-		2		
B.1.1.1	<i>Entre 75 e 100 pasaxeiros</i>				0,5	
B.1.1.2	<i>Entre 100 e 125 pasaxeiros</i>				1	



B.1.1.3	Entre 125 e 150 pasaxeiros				1,5	
B.1.1.4	Máis de 150 pasaxeiros				2	
B.1.2	Comodidade dos pasaxeiros.	-		10		
B.1.2.1	Dispoñibilidade de visión submarina				1	
B.1.2.2	Dispoñibilidade de cubertas pechadas fronte a inclemencias meteorolóxicas.			6		
B.1.2.2.1	Se entre o 25 e o 50% das prazas son a cuberto.				2	
B.1.2.2.2	Se mais do 50% das prazas son a cuberto				6	
B.1.2.3	Dispoñibilidade de outros aspectos que afecten a comodidade dos pasaxeiros.			4		
B.1.2.3.1	Dispoñibilidade de aseos diferenciados para homes e mulleres				2	
B.1.2.3.2	Dispoñibilidade de rede wi-fi				2	
B.1.3	Elementos engadidos á seguridade por riba dos mínimos legalmente esixibles	-		7		
B.1.3.1	Chalecos salvavidas para o 100% dos pasaxeiros				2	
B.1.3.2	Sistema de detección e alarma por fumes				2	
B.1.3.3	Guía impresa para os pasaxeiros no que se expliquen a medidas de seguridade e como actuar en caso de emerxencia				1	
B.1.3.4	Botes salvavidas con capacidade superior o 75% do aforo do buque.				2	
B.1.4	Data de construción	-		5		
B.1.4.1	Antigüidade menor o igual a 5 anos				5	
B.1.4.2	Antigüidade de mais de 5 anos e menor de 10 anos				3	





B.1.4.3	<i>Antigüidade de mais de 10 anos e menor de 15 anos</i>				1	
B.1.5	<u>B.1.5.- Adaptación a pasaxeiros con minusvalías.</u>	-		8		
B.1.5.1	Adaptación a pasaxeiros con minusvalías no buque.			4		
B.1.5.1.1	<i>Portas de acceso e corredores adaptados</i>				1	
B.1.5.1.2	<i>Ancoraxes para cadeiras de rodas</i>				1	
B.1.5.1.3	<i>Aseos adaptados para discapacitados</i>				2	
B.1.5.2	Adaptación a pasaxeiros con minusvalías no acceso.			4		
B.1.5.2.1	<i>Dispoñibilidade de pasarelas de acceso o buque, facilitando a eliminación de barreiras</i>				2	
B.1.5.2.2	<i>Dispoñibilidade de outros elementos que faciliten o embarque, eliminando barreiras</i>				2	
B.2	<u>OUTROS MEDIOS MATERIAIS</u>	-	3	-		
B.2.1	Dispoñibilidade dunha oficina na localidade onde se localiza o porto para atención ó usuario.				1	
B.2.2	Dispoñibilidade de embarcación/s auxiliar/es ou de reposición en caso de avaría o ou de emerxencia				2	
C	<u>DOTACIÓN E CUALIFICACIÓN DO PERSOAL POR RIBA DO MÍNIMO ESIXIDO</u>	5	-	-		
C.1	Pola disposición de membro/s adicional/is con titulación de patrón a disposición en cada barco		1		0,5	puntos/efectivo
C.2	Pola disposición de membro/s adicional/is con cualificación de mecánico acreditado a disposición en cada barco		1		0,5	puntos/efectivo



C.3	Pola disposición de membro/s adicional/is con cualificación de guía turístico acreditada en cada un dos viaxes propostos.		1		0,5	puntos/efectivo
C.4	Pola disposición de membro/s adicional/is con cualificación de responsable de medio ambiente ou calidade.		1		0,5	puntos/efectivo
C.5	Pola disposición de membro/s adicional/is, <u>sobre o mínimo esixido como solvencia técnica, con formación axeitada, para prestar auxilio e axuda no embarque e desembarque a todas as persoas que amosen calquera tipo de dificultade motriz (coxeira, torpeza-dificultade na axilidade deambulatorio, cadeira de rodas, e calquera outra discapacidade das recoñecidas legalmente)</u>		1		0,5	puntos/efectivo
D	<u>D.- SISTEMAS EMPREGADOS PARA O CONTROL DA CALIDADE E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA:</u> (Non podendo valorarse aquí o sistema de control de calidade que se refira á solvencia da empresa, senón o sistema que sexa condición específica e técnica da concreta oferta presentada). Valoraranse as diversas medidas e que se poidan acreditar, e que serán as seguintes:	5	-	-		
D.1	Dispoñibilidade de Centro de Atención ó Cliente presencial nas inmediacións do porto.		1			
D.2	Implantacións dun sistema de xestión de reclamacións para usuarios con persoal con formación específica para resolver reclamacións, con compromiso vinculante de tempo máximo de		2			





	contestación das reclamacións e sistemas de presentación de reclamacións con modelos normalizados.					
D.3	Programa formativo comprometido que garanta a formación do persoal en materia de calidade e responsabilidade social corporativa específico para a prestación da actividade.		1			
D.4	Frecuencia establecida na realización de controis de calidade na prestación do servizo. Valorarase se é inferior a seis meses.		1			
E	<u>E.- SISTEMAS EMPREGADOS PARA O CONTROL MEDIOAMBIENTAL</u>	5	-	-		
	<i>(Non podendo valorarse aquí o sistema de control medioambiental que se refira á solvencia da empresa, senón o sistema que sexa condición específica e técnica da concreta oferta presentada).</i> Valoraranse as diversas medidas que se poidan acreditar, e que serán as seguintes: Frecuencia dos controis medio ambientais realizados: emisión de gases, ruídos, consumos. Valorase unicamente se as frecuencias son inferiores a un ano.					
E.1	Frecuencia dos controis medio ambientais realizados: emisión de gases, ruídos, consumos. Valorase unicamente se as frecuencias son inferiores a un ano.		1			
E.2	Programa formativo comprometido que garanta a formación do persoal en materia de medio ambiente.		1			
E.3	Xustificación do emprego de equipamentos que garantan		1			



	a redución de recursos (auga e enerxía).					
E.4	Xustificación do emprego de enerxías renovables tanto na actividade marítima propiamente dita como nas complementarias.		1			
E.5	Implantación de medidas preventivas sobre aspectos específicos nos que se prevea o impacto (redución de rúidos, redución de emisións a atmosfera, etc.).		1			
F	<u>F.- COMPROMISOS DE TRAFICO MINIMO</u>	<u>8</u>				
F.1	Compromiso de trafico regular mínimo/ano		4			
F.1.1	<i>Compromiso trafico regular entre 50.001 e 70.000 pax.</i>				1	
F.1.1.1	<i>Compromiso trafico regular entre 70.000 e 100.000 pax.</i>				2	
F.1.1.2	<i>Compromiso trafico regular entre 100.001 e 200.000 pax.</i>				3	
F.1.1.3	<i>Compromiso trafico superior a 200.000 pax.</i>				4	
F.2	Compromiso de tráfico de temporada mínimo/ano		4			
F.2.1	<i>Compromiso trafico temporada entre 10.001 e 15.000 pax.</i>				1	
F.2.2	<i>Compromiso trafico tempada entre 15.001 e 20.000 pax.</i>				2	
F.2.3	<i>Compromiso trafico temporada entre 20.001 e 25.000 pax.</i>				3	
F.2.4	<i>Compromiso trafico regular superior a 25.000 pax</i>				4	
G.1	<u>G.- MELLORA DAS TAXA E-2 POR OCUPACIÓN DE SUPERFICIE PORTUARIA DESCUBERTA. Valorarase no suposto de que xunto coa solicitude de atraque se solicite a ocupación de chan portuario para instalación de caseta de venda de billetes</u>	10				





	<i>A valoración realizárase mediante dous sumándoos: en función do factor multiplicado da taxa que se oferte e o incremento porcentual ofrecido sobre o resto dos licitadores: Ambos factores puntúan ata un máximo de 5 puntos do seguintes xeito:</i>					
G.1.a)	<i>Factor multiplicador: valorase cunha puntuación fixa en función do factor multiplicador do seguinte xeito:</i>		5			
G.1.a).1	<i>Multiplicar a taxa unitaria por un valor de ata 4 inclusive</i>				1	
	<i>Multiplicar a taxa por un valor superior a 24 e ata 6 inclusive</i>				2	
	<i>Multiplicar a taxa por un valor inferior a 6 e ata 8 inclusive</i>				3	
	<i>Multiplicar a taxa por un valor inferior a 8 e ata 10 inclusive</i>				4	
	<i>Multiplicar a taxa por un valor superior a 10</i>				5	
G.1.b)	<i>O segundo sumando valora o incremento porcentual en función do valor ofertado polos restantes licitadores. Valorase polo tanto o incremento da taxa E-2 por ocupación de superficie descuberta, valorando con 5 puntos a de maior contía e con 0 a oferta base, segundo a seguinte fórmula: Puntuación licitador: $5 \frac{I_{si}}{I_{smax}}$</i>		5			
	<i>I_{si}= Incremento da taxa E-2 ofertada computada en € ano pola superficie ocupada da oferta a valorar, con respecto a oferta base de licitación (45,41 € ano pola ocupación</i>					



	de 6 m2)					
	$I_{sm\acute{a}x}$ = maior incremento total da taxa E-2 entre as ofertadas con respecto a contía base de licitación (45,41€ ano pola ocupación de 6 m2)					
	TOTAL PUNTOS	100				

Resultará adjudicataria aquela empresa licitadora que obteña a maior puntuación da total posible segundo a aplicación dos baremos anteriores.

9. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, ADXUDICACIÓN E NOTIFICACIÓN

9.1.- ADXUDICACIÓN

A Mesa de Contratación, clasificará as proposicións por orde decrecente e realizará a proposta de adjudicación a favor do licitador que obtivera maior puntuación global. A proposta de adjudicación non crea dereito algún a favor do solicitante proposto fronte á Portos de Galicia. Porén, cando a Presidencia non adjudique a autorización de acordo co proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

O prazo máximo para efectuar a adjudicación será de dous meses a contar dende a apertura das proposicións, salvo causa xustificada que quedará motivada no expediente. De non producirse a adjudicación dentro dos prazos sinalados, os licitadores terán dereito a retirar as súa proposicións.

Á vista da proposta de adjudicación efectuada pola mesa de contratación, á Presidencia de Portos de Galicia como órgano con competencias na resolución do expediente, requirirá ao/s licitador/es que presentara/n a/s oferta/s que resulte máis vantaxosa/s para os intereses públicos da explotación portuaria dos bens demaniais, dentro do prazo de dez (10) días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que houbera recibido o requirimento, para que presente a documentación indicada no punto 10 do presente prego de bases.

A adjudicación deberá recaer en tantas propostas como puntos de atracada foran postos a disposición segundo o indicado no anexo III deste prego de bases. Antes da resolución da licitación, Portos de Galicia poderá solicitar aos licitadores as aclaracións e datos que estime necesarios, sexa por vía de aclaración ou de información ou por vía de ampliación.

A Presidencia deberá adjudicar o procedemento dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. A adjudicación acordarase en resolución motivada que se lles notificará aos licitadores e se publicará no perfil do contratante, e se os interesados o solicitan, facilitaráselles información sobre a mesma no prazo de 5 días hábiles.

A adjudicación poderá facerse, ben de conformidade plena coa proposta seleccionada, ben mediante as modificacións que Portos de Galicia considere oportuno introducir para a mellorar o servizo portuario, ou para perfeccionar as súas condicións de explotación portuaria ou ambientais, sempre que estas sexan aceptadas polo solicitante como requisito previo á adjudicación.

Portos de Galicia resérvase expresamente a facultade de declarar deserto o concurso (sistema multicriterio) cando estime que ningunha das ofertas presentadas satisfai plenamente ás necesidades da explotación portuaria, de xeito global ou de xeito parcial, polo que as propostas deberán acadar un **valor mínimo do 50% da puntuación** no conxunto da valoración. Poderase xustificar a conveniencia de adjudicar proposicións con menor valoración de xeito motivado e baixo condicións específicas de temporalidade, sendo neste caso o prazo previsto





de autorización de 1 ano prorrogable.

As solicitudes presentadas que non resultasen adxudicatarias por falta de prazas, quedarán nunha lista de agarda. No suposto de que se producesse dispoñibilidade de atraque ó longo da duración da autorización resolta a resultados do presente procedemento, Portos de Galicia podería propor a adxudicación do seguinte licitador, polo orde en que quedaran clasificadas as ofertas (e seguintes se fora o caso), sempre e cando se manifeste conformidade no cumprimento da oferta presentada no presente procedemento. En todo caso, exixírase o licitar proposto para que acredite estar en disposición de cumprir a súa oferta, requiríndolle toda aquela documentación que se considere necesaria.

9.2.- DESEMPATE NO CASO DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓNS.

En caso de empate entre varias ofertas tras a aplicación dos criterios de adxudicación do procedemento resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

- a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no persoal.
- b) Dispor de marca Galega de Excelencia e Igualdade
- a) Ter implantado un plan de igualdade nos termos do artigo 67.4 do decreto lexislativo 2/2015. do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- b) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

10. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR MAIS VENTAXOSO CON CARACTER PREVIO A ADXUDICACIÓN. ACREDITACION DA EFECTIVA DISPOSICIÓIN DE COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DE MEDIOS MÍNIMOS E DE MEDIOS VALORADOS A EFECTOS DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O solicitante coa oferta mais vantaxosa deberá presentar na sede electrónica da Xunta, empregando o procedemento xenérico PR0004A no prazo de **dez (10) días hábiles**, a contar desde o seguinte a aquel en que houbera recibido o requirimento, a seguinte documentación, agás que xa fora presentada con anterioridade no proceso de licitación:

- a) Acreditación da personalidade do solicitante ou, no seu caso, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica.

A personalidade dos solicitantes acreditarase:

1. Solicitante persoa física:

- DNI-NIF.

2. Solicitante persoa xurídica:

- Escritura de constitución, e, de ser o caso, de modificación, inscritas no rexistro mercantil cando este requisito sexa esixible conforme á lexislación mercantil que sexa de aplicación.
Se non o fora, se presentará escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade.
- CIF.
- DNI da persoa asinante da solicitude xunto con poder de representación debidamente bastantado por letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado ou doutra Comunidade Autónoma.

3. Tódolos solicitantes facilitarán domicilio, número de teléfono fixo e móbil, e correo electrónico.

4. Xustificantes que acrediten atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda



Estatal, de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia e de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

As circunstancias mencionadas acreditaranse coa presentación de certificacións administrativas expedidas respectivamente, pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

A incorporación do certificado ó procedemento efectuarase de oficio pola mesa ou o órgano de contratación, solicitándoo directamente ós organismos responsables do certificado, sempre e cando o licitador non manifeste oposición no modelo do anexo II-B. dea o seu consentimento explícito no modelo de solicitude de presentación.

Xustificación da capacidade do solicitante: As persoas xurídicas acreditaranse mediante a escritura o documento de constitución, os estatutos ou acta fundacional, nos que consten as normas polas que se regula súa actividade, debidamente inscritos no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Acreditación de estar dado de alta no imposto de actividades económicas cando exerzan actividades suxeitas ao dito imposto, o que acreditarase coa presentación de copia da alta e do último recibo do imposto, así como de declaración responsable de non ter causado baixa no dito imposto.

5. Solvencia económica e financeira, técnica e profesional para facer fronte as obrigas resultantes do servizo. Para elo será de aplicación o disposto no punto 7.1.A).d) do presente prego, que é a seguinte:

- Solvencia económica e financeira:

O solicitante deberá acreditar un volume anual de negocios, referido ó mellor exercicio dentro dos tres últimos enteiros dispoñibles por importe igual o superior ó indicado a continuación segundo o tipo de tráfico. Acreditarase mediante presentación de contas anuais dos últimos anos enteiros e declaración do solicitante indicando o volume de negocios global da empresa no ano máis vantaxoso. As contías mínimas a xustificar son as seguintes:

- Trafico regular: 165.000 €
- Trafico temporal: 120.000 €

Tamén se poderá acreditar xustificando a existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior as contías indicadas anteriormente segundo o tipo de tráfico que se solicite.

- Solvencia técnica e profesional:

O solicitante deberá acreditar solvencia técnica mínima esixida no presente prego e a ofertada mediante declaración na que se indique a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a prestación do servizo, á que se achegara a documentación acreditativa pertinente. Deberá incluírse na declaración a idoneidade do equipo proposto (humano e material) ó tipo de pasaxe que se propón transportar.

6. Datos identificativos do buque ou buques cos que se pretenda realizar o transporte de pasaxeiros e/ou vehículos, entre os que figurará a folia de asento, o certificado de arqueo, o certificado de instalación radioeléctrica, o certificado de seguridade, o certificado de navegabilidade e o de material náutico; aportarase igualmente copia cotexada do seguro do buque ou buques. Xunto cos mencionados datos de identificación aportarase certificados de seguridade e permisos de utilización ou explotación requiridos pola normativa de aplicación, e, en particular polo Convenio Internacional para a Seguridade da Vida Humana no Mar –SOLAS- de 1974 coas súas modificacións e polo Real Decreto 1247/1999, do 16 de xullo, sobre regras e normas de seguridade aplicables aos buques de pasaxe que realicen travesías entre portos españois.

7. Descrición o mais detallada posible do sistema de prevención de riscos laborais da empresa.

8. Compromiso de notificar, inmediatamente a Portos de Galicia, calquera modificación que afecte aos apartados anteriores e se produza con posterioridade á solicitude de autorización.

9. Solicitude de inscrición ou inscrición no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Público, debidamente presentada e cotexada na Dirección Xeral de Mobilidade.

10. Recibo de ter constituído a garantía en metálico, valores públicos ou privados, aval ou seguro de caución por un importe de 3.000 euros por cada un do atraque autorizados. Este importe será revisado cada seis anos de acordo coa variación experimentada nese período polo Índice Xeral de Prezos ó consumo para o conxunto nacional total (IPC).





INDICACIÓN DE RELEVANCIA-ADVERTENCIA: Ante a esixencia no Prego dun compromiso de adscrición de medios persoais e materiais a acreditar trala adxudicación do contrato, a falta de presentación da documentación acreditativa destes no prazo de DEZ días hábiles determinará ter por desistido ao licitador considerándose que retira a súa oferta sen que poida darse prazo para a emenda. Neste caso, procederase a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, polo orde en que quedaran clasificadas ás ofertas.

11. Ademais, tamén se poderá presentar, a seguinte documentación para os efectos do posterior outorgamento das autorizacións:

- Plan de emerxencias para o caso de accidentes e de continxencias medioambientais.
- Póliza acreditativa da concertación dun seguro por danos ocasionados á Administración ou a outros terceiros e responsabilidade civil na utilización obxecto deste concurso, cunha cobertura mínima de 600.000 euros por sinistro, así como xustificante do pago da póliza.
- Inscrición no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Público, debidamente presentada e cotexada na Dirección Xeral de Mobilidade.
- Cando o adxudicatario sexa unha entidade xurídica designación do representante para o/s porto/s cara a realización das labores de relación ordinaria ante Portos de Galicia para canto se derive da prestación do servizo.

- **INDICACIÓN DE RELEVANCIA-ADVERTENCIA:** Considerando que a actividade de atraque de pasaxe no porto obxecto de licitación indicado no anexo I, se limita por razón de saturación da capacidade da infraestrutura, considerando que o servizo ao pasaxe obxecto deste concurso, integra unha actividade de notoria importancia económica, e turística e portuaria para a comarca da zona de influencia do porto, establecece para o caso de que non se cumprimente axeitadamente este requirimento no prazo sinalado, que se entenderá que o adxudicatario ten por retirada a súa oferta, podendo Portos de Galicia adxudicar a prestación do servizo ao licitador seguinte, polo orde en que quedaran clasificadas as ofertas, previo requirimento da documentación correspondente.

10.1.- GARANTÍA DEFINITIVA

O licitador proposto como adxudicatario está obrigado a constituír e depositar, na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, no prazo de dez (10) días hábiles, a contar dende o día seguinte á recepción do requirimento cursado, e indicado no apartado anterior, en cumprimento do **prego de condicións xerais polas que se rexerán as actividades inherentes a prestación de servizo portuario especial ao pasaxe en portos e instalacións portuarias da comunidade autónoma de Galicia**, unha garantía definitiva por importe 3.000 euros por praza de amarre autorizada. A garantía poderá constituírse en calquera das formas establecidas no artigo 108 da LCSP cos requisitos establecidos no artigo 55 e seguintes do RXLCAP, no que non se opoña ao establecido na LCSP.

As garantías constituídas estarán a disposición da Presidencia de Portos de Galicia e depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Economía e Facenda.

Extinguida a autorización para a prestación do servizo nos supostos previstos na condición 40ª do prego de condicións xerais polas que se rexerán as actividades inherentes a prestación de servizo portuario especial ao pasaxe en portos e instalacións portuarias da comunidade Autónoma de Galicia, procederá a cancelación e devolución da garantía, unha vez realizado o aboamento das liquidacións pendentes, e sempre que non proceda unha incautación total ou parcial por incumprimento do titular da autorización.

A garantía depositada responderá de tódalas obrigas derivadas desta autorización, incluídas as medioambientais, e igualmente das sancións administrativas que sexan consecuencia da prestación do servizo.

10.2.- DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN AOS LICITADORES.

A documentación que se xunta ás proposicións quedará a disposición dos licitadores que non resulten adxudicatarios, unha vez adxudicado o procedemento e outorgada a autorización e transcorridos os prazos para a interposición de recursos, agás a presentada polo licitador que resulte adxudicatario e demais documentación que se considere conveniente que conste no expediente. Portos de Galicia archivara a proposta en formato



electrónico, por si fora necesario o seu uso posterior no suposto de adxudicación de prazas a lista de agarda.

A documentación citada no parágrafo anterior só se devolverá, previa petición das empresas licitadoras e realizárase á súa costa; no suposto de que non se solicite a súa devolución polos licitadores, Portos de Galicia procederá o seu arquivo por si fora necesario o seu uso posterior no suposto de adxudicación de prazas a lista de agarda.

11. OUTORGAMENTO DA AUTORIZACIÓN.

11.1.- RESOLUCIÓN DA AUTORIZACIÓN

Acordada a adxudicación do procedemento segundo a cláusula 9 do presente Prego, o/a Presidente/a de Portos de Galicia, no prazo máximo de **CINCO (5) DÍAS HÁBILES** a contar dende o día seguinte o da recepción da comunicación da adxudicación, ao abeiro do establecido na cláusula 8ª do prego de condicións xerais que se inclúe como anexo II e ao presente prego de bases, **emitirá a preceptiva autorización** que habilitan a prestación da actividade inherente á prestación do servizo ó pasaxe en portos e instalación portuarias da Comunidade Autónoma de Galicia, coas condicións xerais e particulares reflectidas nos anexo I e III e no porto/s obxecto de concurso.

Nas condicións particulares de autorización incluírse a necesidade de achegar a documentación indicada na letra i) do punto 10, no suposto de que non fora entregado con alteridade, es as demais condicións relativas as obras e compromisos derivados do presente procedemento.

12. DISPOSICIÓN FINAL

O presente procedemento, os seus pregos a súa convocatoria, as súas bases, e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados, nos prazos correspondentes a cada acto, ante a xurisdición do contencioso -administrativo nos casos e na forma establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso -Administrativa, de acordo coa lei 6/2017 , do 12 de decembro, de portos de Galicia, así como Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De interporse recurso fronte ao contido deste Prego e considerando que a posta a disposición deste realizárase a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento xenérico PR0004A, de non constar de xeito fidedigno a data no que o recurrente accedera ao prego, o prazo computarase desde o día hábil seguinte á data límite de presentación de proposicións, momento a partir do cal xa non poderá alegarse descoñecemento

Todo iso sen prexuízo de que, de ser o caso, se poida interpoñer previa e potestativamente recurso administrativo de reposición ante o Presidente de Portos de Galicia.

Así mesmo, os interesados poderán interpor recurso de alzada contra os actos da mesa de Contratación perante o Presidente da entidade pública empresaria nos termos previstos no artigo 121 e concordantes da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Propón a aprobación do presente prego o Director Xeral e vísao o Xefe da S.X e Asesoría Xurídica de Portos de Galicia





ANEXO I

PRESCRIPCIÓNS PARTICULARES APLICABLES AO PORTO DO GROVE.



ANEXO I

PRESCRIPCIONS PARTICULARES APLICABLES NO PORTO DO GROVE

1. Cada autorización outorgada faculta a unha única embarcación dunha empresa ou unión de empresas a realizar as actividades de embarque e desembarque de pasaxeiros no punto designado no peirao de pasaxe do porto.
2. Considerando a capacidade actual das instalacións, o número máximo de autorizacións que se outorgarán no porto para realizar actividades inherentes á prestación de servizos ó pasaxe é de CATORCE (14), un por cada punto de atraque habilitado.
3. Considerando as limitacións expostas e coa finalidade de facilitar o acceso ao maior número posible de autoprestadores do servizo, cada empresa, grupo de empresas ou unión de empresas poderá dispor dun máximo de dúas autorizacións no porto do Grove, e polo tanto de dous embarcacións. En consecuencia nas súas ofertas de licitación **as empresas poderán solicitar para un máximo de dúas embarcación.**
4. Cada unha das autorizacións outorgadas faculta para o uso exclusivo dun dos puntos de atraque que se reflicten no ANEXO IV coa embarcación que constitúa o obxecto da autorización. O réxime de substitución das embarcacións autorizadas suxeitarase ao establecido na cláusula 27ª do prego xeral regulador da actividade.
5. Sen prexuízo das limitacións que poidan vir impostas por razóns de explotación portuaria ou de seguridade marítima, non existirán límites horarios para a prestación do servizo.
6. As instalacións portuarias existentes e a propia operatividade do porto establecen unha serie de limitacións físicas as embarcacións, que se detallan a continuación:

- Eslora → MAX 28,00m

- Calado → MAX -2,00m en BMVE

Os atraques dispoñibles son no porto do Grove:

- 6 prazas de 20 m, dos cales ponse 6 a disposición no presente procedemento
- 6 prazas de 24 m, dos cales ponse 6 a disposición no presente procedemento
- 2 prazas de 28 metros, dos cales ponse 2 a disposición no presente procedemento

Polo tanto a distribución de atraques se realizará en base ás características das prazas dispoñibles sobre a base de criterios de explotación portuaria e seguridade marítima e en función, na medida do posible, das puntuacións obtidas por cada licitador.

7. Portos de Galicia porá a disposición de cada empresa autorizada tomas de auga e electricidade a petición do interesado, que quedará obrigado a aboar as taxas correspondentes de subministración de produtos e enerxía, e de se-lo caso, de ocupación de terreos, así como as correspondentes ao valor das instalacións e á súa depreciación anual. Tódolos restantes medios materiais serán aportados polas propias empresas.
8. Dado que dous atraques lindeiros poden compartir finger de acceso á embarcación, coa finalidade de evitar aglomeracións en dita instalación non se autorizarán frecuencias concorrentes en atraques lindeiros. Por este motivo Portos de Galicia poderá variar as frecuencias propostas polos licitadores de xeito puntual para evitar estas coincidencias.
9. Será causa de resolución da autorización a non presentación dos datos necesarios para proceder á liquidación das taxas indicadas na condición xeral 15 do prego de condicións xerais polas que se rexerán as actividades inherentes a prestación de servizo portuario especial ao pasaxe en portos e instalacións portuarias da Comunidade Autónoma de Galicia, debendo presentar a documentación requirida antes do día 5 do mes seguinte ó do servizo.
10. Portos de Galicia regulará a ocupación de terreos portuarios para a instalación de casetas de venda de billetes vinculadas ó servizo de pasaxe da presente licitación. As ditas casetas, en todo caso, limitárase a unha única caseta por empresa, e no lugar, dimensións e tipoloxía definida por parte de Portos de





Galicia.

O incumprimento de esta condición será causa automática de anulación da autorización de prestación do servizo ó pasaxe.

Na presente convocatoria póñense a disposición 14 parcelas localizadas no plano do ANEXO IV.

Para poder optar a unha parcela de 6 m² para a instalación de caseta portátil para venda de billetes das rutas autorizadas, a empresa solicitante deberá manifestalo na instancia de solicitude, modelo anexo II podendo optar cada empresa, grupo de empresa ou unión temporal de empresas a unha soa caseta, a pesar de que teña varios atraques autorizados.

Na solicitude deberase indicar o orde de preferencia da parcela solicitada. A adxudicación das parcelas se realizará segundo a puntuación obtida polo licitador seguindo a orde de preferencia indicada na solicitude.

As casetas serán portátiles, e terán unha superficie máxima de 6 m² e unha altura máxima de 3 m. Con carácter previo á autorización deberase presentar documentación descritiva da caseta portátil, podendo Portos de Galicia impor modificacións na súa tipoloxía.

11. No suposto de que Portos de Galicia implemente un sistema de control de acceso, tanto a venda de billetes así como o acceso a zona de embarque realizarase segundo o aplicativo e hardware posto a disposición por Portos de Galicia, debendo as empresas autorizadas adaptar os seus sistemas informáticos e organizativos ó sistema indicado, sendo o custo das adaptacións necesarias a costa das empresas autorizadas. O incumprimento do dito requirimento será causa de anulación inmediata da autorización.
12. Agás que xa fose presentada a documentación na fase de concurso, a empresa autorizada deberá presenta no prazo máximo de QUINCE (15) DÍAS a contar desde a notificación da resolución da autorización a seguinte documentación:
 - Plan de emerxencias para o caso de accidentes e de continxencias medioambientais.
 - Póliza acreditativa da concertación dun seguro por danos ocasionados á Administración ou a outros terceiros e responsabilidade civil na utilización obxecto deste concurso, cunha cobertura mínima de 600.000 euros por sinistro, así como xustificante do pago da póliza.
 - Inscripción no Rexistro de Empresas Operadoras do Transporte Público, debidamente presentada e cotexada na Dirección Xeral de Mobilidade.
 - Cando o adxudicatario sexa unha entidade xurídica designación do representante para o/s porto/s cara a realización das labores de relación ordinaria ante Portos de Galicia para canto se derive da prestación do servizo.

A presentación da documentación realizarase electrónicamente a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia empregando o procedemento xenérico PR0004A.

13. A prestación do servizo autorízase a que sexa realizada pola embarcación de base _____, poñendo a disposición a embarcación _____ como reserva.
14. Os medios materiais postos a disposición para presentación do servizo do pasaxe será o seguinte: (indicar según oferta da empresa operadora):

Santiago, a

O Director Xeral



**ANEXO II.- MODELO DE PRESENTACIÓN, DECLARACIÓN RESPONSABLE E DE FORMULACIÓN DE COMPROMISOS
POLO LICITADOR.**





ANEXO II.- Modelo de presentación.

TÍTULO PROCEDEMENTO: _____

CLAVE PROCEDEMENTO: _____

constitución desta, cada unha das empresas partícipes deberá presentar esta declaración responsable debidamente cumprimentada.

Primeiro: Presentación da empresa licitadora.

1. Solicitante _____
 2. NIF/CIF _____
 3. Teléfono móbil a efecto de envío de avisos de notificacións en notifica.gal:

 4. Teléfono: _____
 5. Correo electrónico a efecto de envío de avisos de notificacións en notifica.gal _____
 6. Fax: _____
 7. Enderezo postal : _____
 8. Número de inscrición da empresa no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (se é o caso):

 9. Nome e apelidos do representante da empresa ou do empresario persoa física:

 10. No suposto de unión de empresarios:
 - Domicilio a efectos de notificación: _____
 - Nome e apelidos do representante da UTE: _____
 - Teléfono: _____
 - Correo electrónico: _____
 - Fax: _____
 - Enderezo a efectos de notificación (se é o caso): _____
- 9.- Nome embarcacións propostas (máximo as indicadas no anexo I):

- _____
- _____

10.- Solicita autorización para a instalación nunha caseta portátil segundo as características e procedemento indicado no prego de prescrición particulares (ANEXO I), condición 11. Poderase solicitar a instalación dunha soa caseta por empresa/grupo de empresa/UTE

O odren de prioridade segundo a localización das parcelas indicadas no plano do anexo IV, e o seguintes:

PRIORIDADE	1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º	8º	9º	10º	11º	12º	13º	14
PARCELA Nº														

Segundo- Declaración relativa á veracidade e exactitude da proposición técnica aportada en soporte informático.

Que o contido da copia electrónica asinada en soporte informático da que se xunta é idéntica á documentación facilitada en soporte papel, asumindo as responsabilidades legais en caso de falsidade ou omisión, respecto da veracidade e exactitude dos datos e información anteriores.

En a, de de 20

Asdo.:

N.I.F.:

_____ a, _____ de _____ de 20 _____

(Lugar, data, sinatura e selo do licitador)

SRA. PRESIDENTA DA ENTIDADE PÚBLICA PORTOS DE GALICIA



Os datos de carácter persoal obtidos con motivo deste procedemento administrativo van ser incorporados e tratados nun ficheiro de datos debidamente autorizado para o exercicio das funcións que como Administración Pública legalmente lle corresponden á entidade pública empresarial Portos de Galicia, entidade responsable do ficheiro “Programa Facturación Espigon”. O seu domicilio é Praza de Europa, Portal 5A 6º B, Área Central – Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela. A cesión destes datos farase de acordo coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Regulamento Europeo Xeral de Protección de datos 2016/679/UE, de 27 de abril, para os fins relacionados coa xestión e explotación portuaria atribuídas a esta Entidade pública polas leis 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, Lei 6/2003, do 9 de decembro de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei 58/2003, do 17 de decembro, General Tributaria e Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. O acceso aos ficheiros por terceiros realizarase para a prestación de servizos de tratamento e técnicos ao responsable destes. O exercicio ante o responsable do ficheiro dos seus dereitos a solicitar o acceso aos datos persoais relativos ao interesado, a solicitar a súa rectificación ou supresión, a solicitar a limitación no seu tratamento, a opoñerse ao tratamento, a portabilidade dos datos e a acudir a Agencia Española de Protección de Datos en defensa dos seus dereitos, realizarase nos termos establecidos legalmente considerando as peculiaridades que se derivan do carácter público dos ficheiros deste organismo, podendo exercelo perante o enderezo de Portos de Galicia sito en Praza de Europa, Portal 5A, 6º B, Área Central – Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela – A Coruña. Se precisa unha información máis detallada sobre os seus dereitos, orientación legal e xurídica acerca de como exercer estes dereitos, formular reclamacións e ante que instancias, pódese por en contacto con departamento xurídico no correo portos@portosdegalicia.com o no teléfonos 881 95 00 95 de Portos de Galicia. En todo caso, facilítaselle indicacións de autoridades de protección de datos as que poden acudir: Agencia Española de Protección de Datos: www.agpd.es, Supervisor Europeo de Protección de Datos: <https://edps.europa.eu/>. Pode obter máis informacións no enlace da páxina web de Portos de Galicia: <http://www.portosdegalicia.gal/gl/web/portos-de-galicia/informacion-regulamento-europeo-xeral-de-proteccion-de-datos>.

Á vista do anterior, por indicación de lei, ou en caso de existir unha entidade autorizada ou concesionaria da xestión ou explotación da instalación, autorizo á EPE Portos de Galicia a cesión dos meus datos referidos no parágrafo anterior á citada entidade ou ás institucións esixidas pola norma.





ANEXO II- B: MODELO DE DOCUMENTO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

TÍTULO PROCEDEMENTO: _____

CLAVE PROCEDEMENTO: _____

Datos da persoa que formula a declaración:

Nome _____:

Apelidos: _____ NIF: _____

Correo electrónico: _____ Teléfono móbil: _____

Dirección postal: _____

No caso de actuar en representación:

Entidade mercantil ou persoa á que representa: _____

NIF: _____ Cargo: _____

A) Información sobre o procedemento e o poder adxudicador

- Título do procedemento:
- Clave do expediente:

B) Información sobre o licitador

a) Identificación

- Nome da empresa persoa xurídica ou nome e apelidos do empresario persoa física: _____
- NIF da empresa persoa xurídica ou DNI/NIF do empresario persoa física: _____

b) Información xeral exclusivamente con fins estatísticos da empresa licitadora (indique o que proceda)

☐ b.1.- É microempresa (conta con menos de 10 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non excede de 2 millóns euros)

☐ b.2.- É pequena empresa (conta con menos de 50 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non excede de 10 millóns euros)

☐ b.3.- É mediana empresa (non é nin unha microempresa nin unha pequena empresa, que conta con menos de 250 empregados e cuxo volume de negocios anual non excede de 50 millóns euros ou cuxo balance total anual non excede de 43 millóns euros)

c) Representante do licitador, no seu caso

- Nome e apelidos do representante: _____

-Disponibilidade de firma dixital (márquese se fose o caso):

Así mesmo, declárase responsablemente que a persoa representante que asina a proposición ten poder bastante para a representación do licitador para os efectos do procedemento de contratación.

d) Datos para a práctica de notificacións

- Sistema de notificación electrónica de Galicia <https://notifica.xunta.gal> (se fose o caso, xeraranse automaticamente avisos da posta ao dispor da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil indicados):

- Dirección de correo electrónico: _____ Teléfono móbil: _____

- Dirección postal: _____



- ☐ Así mesmo, exprésase o compromiso de aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen por calquera dos medios indicados.

e) Indicación de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (se é o caso)

- Nome/ s do/os rexistro/ s: _____

- Número de inscrición ou código de identificación: _____

- ☐ Así mesmo, declárase baixo responsabilidade que as circunstancias de aptitude para contratar inscritas en devandito/ s rexistro/ s son exactas e non experimentaron variación a data da firma desta declaración.

f) Forma de participación (indique o que proceda)

Respecto da causa de incompatibilidade de participación na licitación:

- Non afecta
- Si afecta

☐ f.1.- Individual:

☐ f.2.- Conxunta con outro ou outros en unión de empresarios (UTE):

Se adxunta ao procedemento nun único exemplar asinado polos integrantes da UTE o documento esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares onde constan os nomes e circunstancias dos que subscriben a UTE, a participación en porcentaxe de cada un deles e maniféstase nel que asumen o compromiso de constituírase formalmente en UTE, no caso de resultar adxudicatarios do procedemento. No devandito escrito désígnase a persoa que durante a vixencia da autorización administrativa ostentará a representación ou apoderamento único de todos eles fronte ao poder adxudicador.

Neste suposto indícase, ademais, do representante designado o nome e apelidos, NIF, correo electrónico, teléfono móbil e dirección postal:

C) Prohibición de contratar

Formúlase declaración responsable de que a persoa que actúa en nome propio ou, no seu caso, a compañía á que representa e os seus administradores ou representantes, non están incursas en prohibición de contratar por se mesma conforme ao disposto no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), de aplicación supletoria, nin por extensión como consecuencia da aplicación do apartado 3 do devandito precepto legal.

En particular, o empresario persoa física ou, no seu caso, a empresa persoa xurídica atópase ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias coa facenda estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, ao día do cumprimento das obrigacións da Seguridade Social e en calquera das situacións previstas na normativa en relación co Imposto sobre Actividades Económicas nos termos establecidos nas disposicións vixentes.

Así mesmo, de que non incorre en ningunha das causas ás que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e a Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeneral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

D) Personalidade e solvencia.

a) Personalidade





Declárase baixo responsabilidade de que se conta para este procedemento con personalidade xurídica, posuíndo a plena capacidade xurídica e de obrar necesarias para desenvolver a actividade, e de que conforme ao seu obxecto social, se fose o caso, pode presentarse á licitación e atópase legalmente habilitado para realizar as prestacións que constitúen o obxecto da autorización por dispoñer, se procede, das correspondentes autorizacións ou habilitacións empresariais ou profesionais esixibles ou necesarias para actuar no seu sector de actividade pola normativa de aplicación.

b) Solvencia

Declárase responsablemente de que posúe, segundo corresponde en relación co procedemento obxecto de licitación, a solvencia mediante o cumprimento das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional esixidas no prego de bases.

Indicar, de tratarse dunha empresa, que estea en calquera destes supostos (márquese se fose o caso):

☐ Empresa de nova creación (antigüidade inferior a 5 anos):

☐ Empresa non española de Estado membro da Unión Europea ou signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo:

c) Integración da solvencia con medios externos no seu caso

☐ Declárase baixo responsabilidade que o licitador se basea na solvencia doutras entidades para acreditar a solvencia a que se refire a letra b) anterior deste apartado D) do presente anexo e consígnase a información específica na declaración responsable correspondente ás devanditas entidades (márquese se procede).

E) Outros aspectos

a) Existencia ou non de pertenza ao mesmo grupo de empresas que outra/ s empresa/ s licitadora/ s no procedemento de adxudicación e/ou de sociedades tamén licitadoras integradas por socios nas que concorran algúns dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio a efectos de aplicación do réxime de identificación de proposicións económicas anormalmente baixas

Declárase baixo responsabilidade que a empresa licitadora solicitante, ben individualmente ou en unión temporal de empresas, á que represento (consignar o que proceda):

☐ NON pertence ao mesmo grupo de empresas que outra/ s empresa/ s licitadora/ s no procedemento de adxudicación nin está integrada por ningún socio no que concorran algún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio en relación con algunha sociedade tamén licitadora no procedemento de adxudicación.

☐ Si pertence ao mesmo grupo de empresas _____ que outra/ s empresa/ s licitadora/ s no procedemento de adxudicación e/ou si está integrada por algún socio no que concorran algún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio en relación cunha/ s sociedade/ s tamén licitadora/ s no procedemento de adxudicación.

Inclúese a continuación a denominación social da/ s empresa/ s na/ s que concorre/ n esta circunstancia (se a relación de empresas é moi extensa achegárase en documento anexo): _____

b) Para o caso de empate.

Declárase baixo responsabilidade para os efectos da aplicación, no seu caso, dos criterios de adxudicación específicos para o desempate o compromiso de achegar documentación de desempate, logo do requirimento correspondente.

c) Compromiso de adscrición de medios para a prestación da actividade (no suposto do seu establecemento na licitación)

☐ Declárase baixo responsabilidade o compromiso de adscrición, se procede, para a realización da actividade autorizada á conta do solicitante dos medios especificados coas súas condicións indicados no prego



de bases, no caso de que resultase ser o licitador coa mellor oferta, asumindo o establecido para estes efectos no dito prego como contido propio e integrado no presente compromiso de dispoñibilidade efectiva durante a vixencia da autorización dos devanditos medios.

(INDICAR MEDIOS MINIMOS, ver cláusula 7.1.A) d) .2. do prego de bases)

d) Código ético institucional da Xunta de Galicia

Declárase que se ten coñecemento expreso do contido e alcance do Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 24 de xullo de 2014 e publicado por resolución do 8 de setembro de 2014 no Diario Oficial de Galicia nº 179, do 19 de setembro de 2014.

e) Declaración de información confidencial

Declárase segundo o disposto no prego de bases, en relación coa información contida na documentación presentada:

☐ Non designar información confidencial

☐ Si designar información confidencial

f) Oposición expresa á consulta de datos (márquese se fose o caso)

☐ Manifesto expresamente, de conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a miña oposición a que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requiran no seo deste procedemento sexan consultados directamente pola administración impulsora do expediente e, por tanto, comprométome a achegar a documentación requirida no trámite que corresponda:

g) Sometemento ao foro español (só para empresarios estranxeiros)

☐ Declárase o sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para toda as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir na autorización, con renuncia, de ser o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador:

F) Declaracións finais

O abaixo asinante declara responsablemente que a información comunicada neste anexo é certa, exacta e veraz e facilítase con pleno coñecemento das consecuencias dunha falsa declaración, poderá achegar os certificados e outros tipos de probas documentais contemplados no debido prazo, cando se lles soliciten, excepto se o poder adxudicador poida obter os documentos xustificativos de que se trate directamente a través do acceso e consulta autorizada a bases de datos, así como que cumpre os requisitos ou criterios de aptitude ou selección establecidos legalmente para realizar a actividade, dispoñendo da documentación para a súa verificación, e comprométese a respectar a confidencialidade e o deber de secreto nos termos expresados no prego administrativo respecto dos datos aos que poida ter acceso para formalizar a súa oferta.

_____, _____, de _____ de _____ (Lugar e data)

Firma do licitador: _____





ANEXO II- C: MODELO DE DECLARACIÓN DE CRITERIOS DE CRITERIOS DE DESEMPATE

TÍTULO PROCEDEMENTO: _____

CLAVE PROCEDEMENTO: _____

Don/dona _____, con domicilio social na provincia de _____, cale _____ nº _____, e DNI nº _____, visto o disposto no prego de bases que rexen o presente procedemento administrativo, emite a seguinte

DECLARACIÓN

A entidade mercantil _____, declara que no momento de finalización do prazo para presentación de ofertas:

1.-Dispón de traballadores con discapacidade:

☐ Si (indicar número e a porcentaxe)

☐ Non (Se está incluído nos supostos de exercicio do Real Decreto 364/2005, do 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva en favor dos traballadores con discapacidade, indíquese)

2.- Dispón da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, nos termos do artigo 75 c) do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17 de febreiro de 2016):

☐ Si

☐ Non

3.- Implantou un plan de igualdade nos termos do artigo 67.4 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, do 17 de febreiro de 2016):

☐ Si

☐ Non

Se o empresario non cobre este anexo, a Mesa de Contratación interpretará que non se atopa en ningún dos supostos mencionados.

Lugar, data e firma



ANEXO III.- PREGO XERAL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES INHERENTES Á PRESTACIÓN DE SERVIZO AO PASAXE NOS PORTOS E INSTALACIÓNS PORTUARIAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Disposicións xerais.

- 1ª.- O presente prego será de aplicación ás actividades inherentes á prestación de servizos ao pasaxe polas persoas físicas ou xurídicas que se definen na condición 2ª deste prego, no ámbito territorial dos portos e instalacións portuarias competencia da Comunidade Autónoma de Galicia coas modificacións que se poidan producir no futuro e con inclusión de tódolos espazos e instalacións que se xestionen en concesión. Concretamente autorízase o seguinte servizo:

Porto/s : _____

Praza/s de atraque: _____

Tipo de servizo: (REGULAR/TEMPORAL/OCASIONAL): _____

Frecuencias autorizadas: _____

Buque/s autorizado/s: _____

O presente prego se aproba ao amparo da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia e da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

No non disposto no prego de condicións xerais e nas condicións particulares que de se-lo caso se establezan, será de aplicación a citada normativa autonómica e o regulamento de servizo e policía dos portos aprobado por O.M. do 12 de xuño de 1976.

No non previsto no prego e na normativa citada será de aplicación a lexislación estatal aplicable na materia, en todo aquilo que non sexa incompatible coa lexislación autonómica.

- 2ª.- O presente prego de condicións xerais regula e habilita a actividade das persoas físicas ou xurídicas que desenvolvan a actividade de prestación de servizos sobre o seu propio pasaxe no ámbito territorial que se define na anterior condición 1ª, e que reúnan a condición de transportistas ou transportistas executores de pasaxeiros e os seus equipaxes e/o de vehículos en liñas de navegación marítima ou de tráfico interior ou de ría, tanto si ostentan a condición de propietarios (é dicir de navieiros ou armadores) como de fretadores ou empresas explotadoras do buque, e en base a un sistema de libre competencia, agás que en aplicación do apartado 6 do artigo 119 da Lei 6/2017, de portos de Galicia se acorde limitar nalgún dos portos ou instalacións suxeitos á xestión de Portos de Galicia o número de prestadores do servizo por razóns obxectivas derivadas da dispoñibilidade de espazos, da capacidade das instalacións, da seguridade, das normas medioambientais ou estudos de demanda.

No suposto de que se acorde limitar o número de prestadores de servizo nalgún porto, en aplicación do apartado 7 do artigo 119 da Lei 6/2017, solicitarase informe, previo a súa aprobación por parte do Consello Reitor, á Dirección Xeral da Mariña Mercante ou a Administración medioambiental competente se a motivación está baseada en aspectos de seguridade ou en aspectos medioambientais respectivamente.

A actividade de prestación de servizos ao pasaxe que se regula neste prego, comprende e é de aplicación tanto aos transportes de tipo regular, permanentes ou temporais, como aos transportes de tipo ocasional con finalidade turística ou doutra índole.

Aos efectos que se sinalan no parágrafo que antecede, enténdese por transporte regular permanente aquel que se presta durante todo o ano, e temporal o que se presta con carácter discontinuo en períodos determinados ou en días limitados, pero en ámbolos dous casos con periodicidade determinada, mentres que os transportes ocasionais serán os que se prestan de maneira discontinua, carecendo dunha periodicidade e horarios concretos.

Unicamente quedarán excluídos do ámbito de aplicación deste prego o charter de embarcacións de recreo (charter náutico) definido como contrato polo cal o arrendador cede ou pon a disposición do arrendatario unha





embarcación de recreo, con ou sen tripulación, a cambio dun prezo por un determinado período de tempo e cunha finalidade exclusivamente deportiva ou recreativa.

Os prestadores dos servizos deberán cumprir as obrigas de servizo público previstas no artigo 117 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia coa finalidade de garantir a súa prestación en condicións de seguridade, continuidade, regularidade, cobertura, calidade e prezo razoable, así como respecto ao ambiente.

Esta autorización será esixible aínda que a empresa teña a dobre condición de titular dun permiso, autorización ou concesión, outorgada por esta ou por outra Administración que lle habilite para operar nunha liña determinada de tráfico de pasaxe que faga escala nun dos portos ou instalacións suxeitos ao ámbito de aplicación do presente prego.

O outorgamento desta autorización non exime ao seu titular de estar en posesión das licencias, permisos e autorizacións esixidas legalmente en cada momento para o desenvolvemento desta actividade.

A perda por calquera causa das pertinentes licencias, permisos e autorizacións, será causa de extinción da autorización.

- 3ª.- O outorgamento desta autorización implica igualmente, agás que nas condicións particulares da autorización se estableza o contrario, e sempre que se estea ante o caso dunha liña de transporte que sexa regular, a autorización de utilización dos servizos portuarios correspondentes á entrada, estancia e atraque do barco ou barcos que teñan base no porto do que se trate, e o embarque e desembarque de pasaxeiros suxeitos ao réxime de utilización e ao aboamento das tarifas respectivas que se recollan na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de taxas, na actualidade a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de Taxas, Prezos e Exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta autorización enténdese sen prexuízo das autorizacións previas que corresponda outorgar a outras Autoridades, e en particular ás Autoridades Marítimas ou a Dirección Xeral de Mobilidade.

- 4ª.- As actividades de servizo ao pasaxe inclúen:

a) Embarque e desembarque de pasaxeiros, con inclusión da organización, control e, no seu caso, manexo dos medios necesarios para facer posible o acceso dos pasaxeiros dende a estación marítima ou o peirao aos buques de pasaxe e viceversa.

b) Carga e descarga de equipaxes e vehículos en réxime de pasaxe, integrado por:

b.1) Carga e descarga de equipaxes, consistente na organización, control e, no seu caso, manexo dos medios necesarios para a recepción dos equipaxes en terra, o seu transporte a bordo do buque e a súa colocación no lugar establecido, así como para a recollida dos equipaxes a bordo do buque, o seu transporte a terra e a súa entrega.

b.2) Carga e descarga de vehículos en réxime de pasaxe, consistente na organización, control e, no seu caso, manexo dos medios necesarios para facer posible a transferencia destes vehículos, en ámbolos dous sentidos, entre o peirao ou zona de aparcamento e o buque.

Non se inclúen dentro das actividades reguladas neste prego o manexo de pasarelas, ramplas e outros medios mecánicos de Portos de Galicia cando se efectúe con persoal propio deste.

Portos de Galicia non se obriga co outorgamento desta autorización a subministrar ningún dos medios materiais que sexan precisos para o desenvolvemento das actividades que se enumeran nos anteriores parágrafos.

- 5ª.- A empresa prestadora virá obrigada a cumprir as disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, que afecten ao dominio público utilizado e ás actividades que no mesmo se desenvolvan.
- 6ª.- No suposto de que o exercicio das actividades previstas neste prego impliquen a ocupación do dominio público portuario, a autorización de actividade entenderase incorporada na correspondente concesión ou autorización de ocupación do dominio público, sen prexuízo da esixencia das taxas que procedan por



ámbolos dous conceptos.

Así mesmo, cando se solicite autorización para a prestación do servizo nunha superficie outorgada xa en concesión ou autorización, o outorgamento da autorización estará vinculado á existencia dun acordo ou contrato entre o solicitante e o titular da concesión.

Unicamente poderá ser autorizada a actividade de pasaxe en instalacións náutico deportivas, agás que este uso fose incluído na concesión, no caso de trate de embarcacións de 6ª lista, en réxime de pasaxe ocasional e cando se adapte as dimensións da praza de atraque e se cumpran as medidas de acceso, embarque e desembarque establecidas na normativa vixente.

Outorgamento.

- 7ª.- De acordo co artigo 116 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, para o exercicio das actividades que son obxecto de regulación neste prego, deberá de obterse a preceptiva autorización de Portos de Galicia. Aos efectos do outorgamento das autorizacións, Portos de Galicia, de estimalo así preciso, e en calquera caso sempre que se limite o número de prestadores, procederá a efectuar unha ou mais convocatorias públicas ás que daráselle publicidade por medio da súa inserción no Diario Oficial de Galicia. Fóra deste suposto e do definido no seguinte parágrafo, as solicitudes para o desenvolvemento das actividades reguladas neste prego poderán solicitarse en calquera momento.
- 8ª.- Poderán ser titulares de autorizacións as persoas físicas ou xurídicas, españolas, doutros países da Unión Europea ou de terceiros países, condicionadas estas últimas á proba de reciprocidade, agás nos supostos en que os compromisos da Unión Europea coa Organización Mundial do Comercio non esixa o dito requisito, que non estean incursas en causas de incompatibilidade ou de prohibición para contratar coa Administración e que, ao marxe da documentación que se esixe na seguinte condición, reúnan as seguintes condicións xerais de acceso:
- a. Xustificar a solvencia económica, técnica e profesional para facer fronte ás obrigas resultantes do servizo que se determinen no prego regulador de cada servizo.
 - b. Estar ao corrente do cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social exixidas pola lexislación vixente. Considérase que a persoa interesada se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social cando concorran as circunstancias previstas na lexislación básica de contratos do sector público.
 - c. Cumprir as condicións específicas necesarias para a axeitada prestación do servizo, de acordo co previsto na Lei 6/2017 de portos de Galicia, e na demais normativa de aplicación.
 - d. Xustificar os requisitos de capacidade de prestación do servizo
 - e. Dispoñer ou comprometerse a dispoñer dos medios humanos e materiais que sexan dabondo, a xuízo dos responsables técnicos de Portos de Galicia, para o desenvolvemento das operacións habituais, tanto as máis simples como as máis complexas, en condicións de seguridade, calidade, continuidade e regularidade en función das características da demanda.
 - f. Operar con buques que non se atopen entre os que enarboren o pavillón dun Estado incluído na lista negra que se publica no informe anual do Memorando de París ou descrito como de alto ou moi alto risco na citada lista.
 - g. Superar ou comprometerse xustificadamente a superar un volume de servizos mínimo de 50.000 pasaxeiros anuais no pasaxe regular e 10.000 pasaxeiros anuais no pasaxe temporal, contabilizándose por cada porto autorizado. O tráfico mínimo esixido en cada caso recollerase nas condicións particulares da autorización, e establecerase en función do compromiso do solicitante e da información económico-financeira que sobre a actividade a desenvolver facilite a empresa na documentación anexa á solicitud de autorización.

A magnitude establecida como actividade mínima, poderá ser modificada pola Presidencia de Portos de Galicia a proposta da Dirección. Aos efectos de considerar este extremo, Portos de Galicia terá acceso a





canta documentación requira o exame do problema a fin de poder valorar as causas de calquera recesión ou incremento de tráfico que se produza.

A comprobación do cumprimento do mínimo fixado efectuarase por anos naturais, e corresponderá á Dirección de Portos de Galicia.

9ª.- Os solicitantes deberán formular a correspondente solicitude ante Portos de Galicia, acompañando os seguintes documentos:

a) Acreditación da personalidade do solicitante ou, no seu caso, dos partícipes na comunidade ou entidade sen personalidade xurídica.

A personalidade dos solicitantes acreditarase:

12. Solicitante persoa física:

- DNI-NIF.

13. Solicitante persoa xurídica:

- Escritura de constitución, e, de ser o caso, de modificación, inscritas no rexistro mercantil cando este requisito sexa esixible conforme á lexislación mercantil que sexa de aplicación.

Se non o fora, se presentará escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade.

- CIF.

- DNI da persoa asinante da solicitude xunto con poder de representación debidamente bastantado por letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado ou doutra Comunidade Autónoma.

14. Tódolos solicitantes facilitarán domicilio, número de teléfono, FAX e correo electrónico.

b) Xustificantes que acrediten atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia e de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

As circunstancias mencionadas acreditaranse coa presentación de certificacións administrativas expedidas respectivamente, pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Tesourería Xeral da Seguridade Social.

c) Xustificación da capacidade do solicitante: Para elo estarase no disposto no artigo 84 da Lei 9/2017 de contratos do sector público. As persoas xurídicas acreditaranse mediante a escritura o documento de constitución, os estatutos ou acta fundacional, nos que consten as normas polas que se regula súa actividade, debidamente inscritos, no seu no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Acreditación de estar dado de alta no imposto de actividades económicas cando exerzan actividades suxeitas ao dito imposto, o que acreditarase coa presentación de copia da alta e do último recibo do imposto, así como de declaración responsable de non ter causado baixa no dito imposto.

d) Solvencia económica e financeira, técnica e profesional para facer fronte as obrigas resultantes do servizo. Para elo será de aplicación o disposto nos artigos do 87 o 91 da Lei 9/2017 de contratos do sector público que en función da tipoloxía do transporte marítimo solicitado e da facturación ingresos anuais previstos para o tráfico mínimo esixido na letra g) da condición 8ª:

a- Solvencia económica e financeira:

O solicitante deberá acreditar un volume anual de negocios, referido ó mellor exercicio dentro dos tres últimos enteños dispoñibles por importe igual o superior ó indicado a continuación segundo o tipo de tráfico. Acreditarase mediante presentación de contas anuais dos últimos anos enteños e



declaración do solicitante indicando o volume de negocios global da empresa no ano máis vantaxoso. As contías mínimas a xustificar son as seguintes:

- iii. Trafico regular: 165.000 €
- iv. Trafico temporal: 120.000 €
- v. Trafico ocasional: 22.500 €

Tamén se poderá acreditar xustificando a existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior as contías indicadas anteriormente segundo o tipo de tráfico que se solicite.

b. Solvencia técnica e profesional:

O solicitante deberá acreditar solvencia técnica mediante declaración na que se indique a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a prestación do servizo, á que se achegara a documentación acreditativa pertinente cando lle sexa requirido polos servizos técnicos de Portos de Galicia. Deberá incluírse na declaración a idoneidade do equipo proposto (humano e material) ó tipo de pasaxe se propón transportar.

- e) Compromiso do cumprimento das condicións específicas necesarias para a axeitada prestación do servizo, de acordo co previsto na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia e na demais normativa de aplicación.
- f) Descrición da actividade a desenvolver, mencionando:
1. Porto ou portos nos que se pretende desenvolver a actividade.
 2. Datos identificativos do buque ou buques cos que se pretenda realizar o transporte de pasaxeiros e/ou vehículos, entre os que figurará a folla de asento, o certificado de arqueo, o certificado de instalación radioeléctrica, o certificado de seguridade, o certificado de navegabilidade e o de material náutico; aportarse igualmente copia cotexada do seguro do buque ou buques. Xunto cos mencionados datos de identificación aportaranse certificados de seguridade e permisos de utilización ou explotación requiridos pola normativa de aplicación, e, en particular polo Convenio Internacional para a Seguridade da Vida Humana no Mar –SOLAS– de 1974 coas súas modificacións e polo Real Decreto 1247/1999, do 16 de xullo, sobre regras e normas de seguridade aplicables aos buques de pasaxe que realicen travesías entre portos españois.
 3. Entre estes datos de identificación, farase mención expresa do buque ou buques que, aos efectos da aplicación do réxime tarifario que se recollen na condición xeral 15ª, operarán con carácter de base nun ou en varios portos determinados.
 4. Clase de tráfico a desenvolver, distinguindo entre liñas de navegación que teñan a cualificación de transporte regular e liñas de transporte ocasional con finalidade turística ou doutra índole.
 5. Frecuencias, duración dos traxectos e horarios predeterminados para o atraque nos portos, sen prexuízo de que os horarios definitivos sexan os que determine Portos de Galicia na autorización.
 6. Plan de organización das actividades con expresa indicación dos medios humanos e materiais cos que conta. Especificarase o persoal adscrito con carácter fixo e o eventual que se utilice en períodos de máxima actividade, así como a titulación, competencia e experiencia dos ditos medios humanos na prestación destes servizos. Especificaranse igualmente os medios materiais como ramplas, escalas ou medios mecánicos de calquera outra índole que aporte a empresa para a prestación das actividades do servizo.
 7. Cando a empresa prestadora sexa unha persoa xurídica, designará un representante, de se-lo caso para cada porto ou instalación, que efectuará as labores de relación ordinaria ante Portos de Galicia para canto se derive da prestación do servizo.
- g) Descrición o mais detallada posible do sistema de prevención de riscos laborais da empresa.
- h) Plan de emerxencia para o caso de accidentes e de continxencias medioambientais.





- i) Prazo polo que se solicita a autorización.
- j) Compromiso de notificar, inmediatamente a Portos de Galicia, calquera modificación que afecte aos apartados anteriores e se produza con posterioridade á solicitude de autorización.
- k) Recibo de ter constituído a garantía á que fai referencia a condición 13ª.
- l) No suposto de que, segundo o indicado na condición 6ª, se utilice un posto de atracada localizado no ámbito dunha concesión, como condición indispensable para autorizar este servizo terase que achegar declaración expresa do titular da concesión de conformidade coa prestación do servizo solicitado no ámbito da súa concesión, así como contrato de cesión ou compromiso de formalizar contrato de cesión nos termos aprobados por Portos de Galicia.
- m) Calquera outro requisito que Portos de Galicia considere oportuno incluír nas convocatorias ou solicitar a algunha empresa en particular.

A relación de documentación que queda reseñada nesta condición, poderá ser obxecto de modificación para cada caso particular a criterio dos técnicos responsables de Portos de Galicia, simplificándoa ou mesmo incorporando outra documentación a maiores da que queda enumerada. Da mesma maneira, aquelas persoas físicas ou xurídicas que ostentaran a condición de titulares doutras autorizacións ou concesións outorgadas por Portos de Galicia, poderán non aportar aquela documentación que xa figurara incorporada nos títulos respectivos.

- 10ª.- As solicitudes dirixidas ao Presidente de Portos de Galicia, presentaranse no Rexistro Xeral de Portos de Galicia sito en Area central, Praza de Europa, 5-A, 6º, 15.707, Santiago de Compostela, nos Rexistros correspondentes ás Zonas Norte (Lugo), Centro (Coruña) e Sur (Pontevedra) de Portos de Galicia, ou por calquera outros medios admitidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. De ser o caso, as solicitudes presentaranse no lugar ou lugares, dentro dos prazos e empregando os medios e formatos que a tal efecto figuren nos anuncios e nas bases das convocatorias públicas.
- 11ª.- Esta autorización será outorgada pola Presidencia de Portos de Galicia a proposta da Dirección a aquelas empresas que reúnan os requisitos mencionados na condición 8ª e que aporten coas súas solicitudes a documentación que se indica en la condición 9ª, atendendo á prioridade na presentación, e no caso de ter lugar unha convocatoria pública aos criterios obxectivos que figuren nas bases desa convocatoria.

As autorizacións quedarán suxeitas ás condicións xerais previstas neste prego e ás particulares que no seu caso se establezan polos servizos técnicos competentes de Portos de Galicia, documentos que formarán parte e se integrarán na resolución de outorgamento da autorización, para o que deberán de ser expresa e previamente aceptados.

Os acordos tanto de autorización como de denegación deberán de ser motivados, reservándose en calquera caso Portos de Galicia a facultade discrecional de rexeitar solicitudes ou modificar sensiblemente o seu contido, cando razóns estritas de explotación portuaria fagan imposible outorgar unha autorización ou motiven o seu outorgamento baixo condicións distintas das solicitadas, e tendo en conta en calquera caso os criterios obxectivos que se establezan nas bases cando as autorización se outorguen por medo de convocatorias públicas.

- 12ª.- O prazo máximo de vixencia das autorizacións para o desenvolvemento dos servizos portuarios especiais en base ó disposto no artigo 121 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia non poderá exceder de 15 anos cando non implique inversión significativa. Cando o desenvolvemento do servizo implique unha inversión significativa en equipos e material móbil, o prazo máximo da autorización será de 30 anos, e cando o dito investimento significativo se produza en equipos e materiais móbiles e en obra de infraestruturas vinculas a unha concesión administrativa, o prazo máximo de vixencia será necesariamente coincidente co prazo de vixencia da concesión.

Tendo en conta as limitacións de infraestruturas de atraque, de xeito xeral o prazo máximo de vixencia das autorizacións para o desenvolvemento das actividades reguladas neste prego non poderá exceder como norma



ordinaria dous (2) anos para aquelas autorizacións que se correspondan con liñas de transporte de carácter regular, e dun (1) ano para as temporais ou ocasionais, sendo prorrogables por períodos sucesivos, tamén ordinariamente dun (1) ano, ata un máximo de 10 anos, agás que se prohiba expresamente nas condicións particulares da autorización.

O prazo concreto da autorización, en función do establecido no parágrafo anterior é **de (PRAZO).**

As prórrogas deberán de ser solicitadas polas empresas autorizadas cunha antelación mínima de dous meses á data prevista para o remate da autorización, e no seu outorgamento, que constitúe unha facultade discrecional de Portos de Galicia, teranse particularmente en conta criterios motivados de explotación portuaria relacionados coa demanda de espazos existente, que podería esixir unha limitación do número de prestadores e polo tanto a celebración dunha convocatoria pública, e igualmente coa optimización e rendibilidade dos ditos espazos considerando o grao de actividade e aproveitamento desenvolto pola empresa solicitante da prórroga durante a vixencia da autorización. Valorarase polo tanto a actividade realizada pola entidade solicitante, o cumprimento dos tráficos mínimos, dispoñibilidade de atraque e a demanda de atraque.

Excepcionalmente estes prazos poderán ser modificados cando as labores de prestación se atopen vinculadas á condición de titular dun permiso, autorización ou concesión, outorgada por esta ou por outra Administración, que lle habilite para operar nunha liña determinada de tráfico de pasaxe que faga escala nun dos portos ou instalacións suxeitos ao ámbito de aplicación do presente prego.

- 13ª.- A fin de garantir ante Portos de Galicia o cumprimento das obrigas derivadas das actividades reguladas neste prego, os solicitantes deberán de constituír como norma xeral unha garantía en metálico, valores públicos ou privados, aval ou seguro de caución por un importe de 3.000 euros por cada un dos portos que figuren na súa solicitude cun máximo 30.000 euros. Este importe será revisado cada seis anos de acordo coa variación experimentada nese período polo Índice Xeral de Prezos ó consumo para o conxunto nacional total (IPC).

A proposta de técnico competente, o importe da garantía poderá modificarse atendendo a criterios tales como a ocasionalidade e frecuencia das viaxes, o porte das embarcacións, o número de pasaxeiros, etc, ou mesmo chegar a excepciónarse ou substituírse pola esixencia do depósito previo das taxas debidas pola prestación dos servizos portuarios cando se estea no caso dunha actividade de transporte de tipo ocasional.

As garantías constituídas estarán a disposición do Presidente de Portos de Galicia e depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Economía e Facenda.

Extinguida a autorización para a prestación do servizo nos supostos previstos na condición 40ª, procederá a cancelación e devolución da garantía, unha vez realizado o aboamento das liquidacións pendentes, e sempre que non proceda unha incautación total ou parcial por incumprimento do titular da autorización.

A garantía depositada responderá de tódalas obrigas derivadas desta autorización, incluídas as medioambientais, e igualmente das sancións administrativas que sexan consecuencia da prestación do servizo.

- 14ª.- O incumprimento das obrigas económicas previstas neste prego, e as responsabilidades de calquera outra índole en que poida incurrir o titular da autorización que permitan unha execución pecuniaria, habilitarán a execución inmediata da garantía constituída.

Cando por aplicación do disposto no parágrafo anterior, Portos de Galicia tivera que dispoñer da garantía, total ou parcialmente, o titular da autorización virá obrigado a repoñe-la ou completa-la nun prazo dun mes, contado dende o acto de disposición. O incumprimento desta obriga, será causa de resolución da autorización.

Durante o período que transcorra sen restituír ou completar a garantía fixada, Portos de Galicia, co obxecto de garantir o aboamento das taxas e tarifas polos servizos que se presten no ámbito da súa competencia, poderá esixir a paralización da prestación do servizo.

Taxas e gastos,

- 15ª.- As empresas autorizadas aboarán as tarifas correspondentes aos Servizos xerais que se mencionan na condición 3ª e que se regulen na lexislación vixente na Comunidade Autónoma en materia de taxas, na





actualidade a Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

En concreto aboarán as seguintes tarifas:

Tarifa X-1, entrada e estadía de barcos, conforme á regra 9ª da súa regulación legal para o caso de barcos destinados ao tráfico de pasaxeiros interior ou de ría que operen con carácter de base no porto ou portos que se determinen na autorización.

Tarifa X-2, atraque, conforme á regra 13ª da súa regulación legal para o caso de barcos destinados ao tráfico de pasaxeiros interior ou de ría que operen con carácter de base no porto ou portos que se determinen na autorización.

Tarifa X-3, conforme á regra 5ª da súa regulación legal.

A contía concreta correspondente ás tarifas X-1 e X-2 para o caso das regras que se mencionan con anterioridade resultante de aplicar as bases de liquidación que se recollan na Lei de Taxas, liquidarase por meses vencidos en ámbolos dous casos e pola totalidade do período sinalado, con independencia polo tanto das entradas, saídas e dos días de estancia en porto.

A liquidación das tarifas X-1 e X-2 de conformidade coas regras antes mencionadas aplicarase exclusivamente a aqueles buques que de acordo cos termos da solicitude e da resolución de autorización operen con carácter de base no porto ou portos de que se trate, de xeito que aqueles buques que operen só de maneira puntual en virtude da substitución regulada na condición 27ª, aboarán estas taxas nas contías establecidas respectivamente nas regras cuarta e terceira da súa regulación legal.

Será de aplicación a tarifa X-5 cando a embarcación teña a consideración de embarcación deportiva, aínda que realice tráfico de pasaxe. Este suposto será de aplicación para embarcacións de 6ª lista que teñan menos de 24 metros de eslora e transporten pasaxeiros nun número non superior a 12.

A contía concreta da tarifa X-3 en función do tipo de navegación e da modalidade de pasaxe, liquidarase por meses vencidos en base á documentación que se recabe durante o mes correspondente. A cantidade anual liquidada non poderá ser inferior á correspondente ó tráfico mínimo comprometido que é de (NÚMERO DE PASAXEIROS)

Aos efectos do aboamento destas tarifas, esixirase a domiciliación nunha entidade bancaria.

Corresponderá igualmente ás empresas autorizadas o aboamento das liquidacións que se lles practiquen polas empresas que veñan prestando en réxime de autorización servizos ou outras actividades comerciais, así como o aboamento das taxas que procedan por tódolos servizos solicitados de Portos de Galicia que demande a realización das actividades reguladas neste prego.

Independentemente de que a garantía depositada responde do aboamento das taxas, Portos de Galicia poderá utilizar para o seu cobro o procedemento administrativo de constrinximento, de conformidade co artigo 26 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia.

- 16ª.- No suposto de que o desenvolvemento das actividades previstas neste prego impliquen a ocupación do dominio público portuario, a autorización entenderase incorporada na correspondente concesión ou autorización de ocupación do dominio público, sendo esixible neste caso a taxa que proceda por ocupación privativa do dominio público portuario. De ser o caso esta circunstancia reflectirase nas condicións particulares da autorización.
- 17ª.- Serán da conta do titular da autorización o aboamento dos impostos, arbitrios ou taxas legalmente establecidas que sexan de aplicación, e tódolos gastos que ocasione o desenvolvemento da actividade. En particular, no seu caso, estará obrigado a facer fronte á repercusión da parte da cota líquida do imposto de bens inmobles aplicable ao ben demanial ou patrimonial do que o titular da autorización faga uso con motivo da autorización outorgada; segundo se establece no artigo 63. 2, segundo parágrafo, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. A tal



efecto, Portos de Galicia determinará a cota repercutible en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada.

Sobre condicións esixibles para o desenvolvemento do servizo público

18ª.- Son obrigas do servizo público, de necesaria aceptación por todos os prestadores de servizos portuarios especiais, as seguintes:

- a. Manter a continuidade e regularidade dos servizos en función das características da demanda, agás causa de forza maior, facendo fronte ás circunstancias adversas que poidan producirse coas medidas exixibles a un empresario ou a unha empresaria dilixente. Para garantir a continuidade da prestación do servizo.
- b. Cooperar con Portos de Galicia e coa Administración marítima e, se é o caso, con outros prestadores de servizo nas labores de salvamento, extinción de incendios, loita contra a contaminación e prevención e control de emerxencias. Así mesmo, tamén deberá informar daquelas incidencias que poidan afectar calquera destas materias ou a seguridade marítima en xeral.

No seu caso, nas condicións particulares poderán reflectirse as tarifas por intervencións en servizos de emerxencia, extinción de incendios, salvamento ou loita contra a contaminación derivadas desta obriga de servizo público.

- c. Someterse á potestade tarifaria, cando proceda.
- d. Colaborar na formación práctica na prestación do servizo, no ámbito do porto en que se desenvolva a actividade.
- e. Establecer unha cobertura universal, coa obriga de atender toda demanda razoable, en condicións non discriminatorias.

Para cada un dos aspectos anteriores, si as condicións do servizo así o aconsellarán, Portos de Galicia poderá establecer, nas condicións particulares deste prego, servizos mínimos de carácter obrigatorio.

Sobre as condicións esixibles para o desenvolvemento da actividade.

19ª.- A organización e dirección dos traballos que integran as actividades reguladas son responsabilidade exclusiva da empresa autorizada, que observará no desenvolvemento das súas actividades todo o que sinala o regulamento do servizo, policía e réxime dos portos, as regras de aplicación previstas na normativa tarifaria vixente, e, en particular, a normativa que establece regras e normas de seguridade aplicables aos buques de pasaxe e a súa tripulación. Observarán igualmente as normas de explotación e instrucións que, tanto de un modo xeral como específico, dite Portos de Galicia así como a Administración Marítima.

20ª.- A empresa autorizada responderá dos danos e prexuízos, e asumirá cantas responsabilidades lle poidan corresponder fronte á Administración ou terceiros afectados polo desenvolvemento das operacións obxecto desta actividade, e que sexan consecuencia das súas propias actuacións, tanto por acción como por omisión.

A empresa será igualmente responsable dos danos por avarías, propias ou alleas causadas polo buque ou por accións vinculadas ás súas operacións, así como dos danos ou prexuízos causados a persoas ou bens de Portos de Galicia ou de terceiros, por accións, omisións ou negligencias nas ditas operacións.

En canto á responsabilidade en materia sancionadora, estarase ao reflectido no capítulo IV do Título VI da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

21ª.- A empresa para responder dos danos e prexuízos ocasionados polas súas propias accións ou omisións, estará obrigada a concertar un seguro por danos ocasionados á Administración ou a outros terceiros e responsabilidade civil cunha cobertura mínima de **600.000 euros** por sinistro, no prazo máximo dun mes a contar dende a notificación da resolución de autorización, e en todo caso antes do inicio da actividade, o que deberá acreditarse ante Portos de Galicia mediante a presentación de certificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros cuxo contido mínimo sexa o seguinte:

- Identificación da compañía aseguradora ou do axente de seguros e da persoa que actúa en representación.
- Numero da póliza de seguro.





- Mención expresa da cobertura de responsabilidade civil e a vixencia temporal do seguro
- Identificación da actividade asegurada.
- Porto e municipio onde esta previsto a prestación do servizo asegurado.
- Contía do capital asegurado e da franquía no seu caso.
- Data de pagamento da póliza que acredite a súa formalización.
- Data de expedición do certificado, firmado polo titular ou representante legal.

Excepcionalmente, e a proposta de técnico competente, o importe da cobertura por sinistro poderá variarse atendendo a criterios tales como a ocasionalidade e frecuencia das viaxes, o porte das embarcacións, o número de pasaxeiros, etc.

Deberase de concertar igualmente, de non dispor del, e no mesmo prazo que se indica no parágrafo que antecede, o seguro obrigatorio de viaxeiros regulado na normativa de aplicación, na actualidade o Real Decreto 1575/1989, do 22 de decembro, que necesariamente cubrirá non só os accidentes acaecidos durante a viaxe senón tamén os ocorridos antes de comezar este, e, en concreto, aqueles que ocorran ao viaxeiro atopándose este situado sobre a prancha, escala ou pasarelas que unen a embarcación co peirao.

Cando a empresa autorizada ostente a dobre condición de titular dun permiso, autorización ou concesión, outorgada por esta ou por outra Administración que lle habilite, en exclusiva ou non, para operar nunha liña determinada de tráfico de pasaxe, e en virtude deste título teña constituídas as pólizas apuntadas, estas poderán facerse extensibles ás actividades reguladas neste prego, sempre que cubran as incidencias e acaden a cobertura citada.

A eficacia da autorización quedará condicionada á acreditación da constitución da póliza dentro do prazo antes mencionado, quedando en caso contrario extinguida sen necesidade de máis trámites que a notificación desta circunstancia ao interesado. Esta extinción determinará a incautación da garantía depositada.

Nas condicións particulares da autorización estableceranse, de ser o caso, os límites espaciais aos que se estende a responsabilidade da empresa prestadora.

- 22ª.- Todo o persoal necesario para o desenvolvemento das actividades obxecto da autorización será por conta e a cargo do titular, que deberá de cumprir as obrigas que lle impón a lexislación vixente en materia laboral, de prevención de riscos laborais e de seguridade social.

Todo o persoal, calquera que sexa o seu réxime laboral, utilizado pola empresa para desenvolver as súas actividades no porto, deberá estar autorizado expresamente por Portos de Galicia para acceder ao recinto portuario, e, de selo caso, deberá de levar en todo momento perfectamente visible a tarxeta identificadora expedida por esta.

Igual autorización precisará o persoal de calquera empresa, distinta da empresa autorizada, que realice traballos de calquera índole para ela.

Desenvolvemento das operacións.

- 23ª.- A relación ordinaria entre a empresa prestadora e Portos de Galicia, necesaria para o desenvolvemento das operacións previstas neste prego, establecerase a través das Xefaturas de Zona de Portos de Galicia de maneira directa ou, de ser o caso, a través dos celadores gardapeiraos.

Aos efectos que quedan subliñados, as empresas deberán de dispoñer dunha oficina, ben na mesma zona de servizo do porto ou nas súas cercanías, e dun representante co que se poida establecer comunicación telefónica inmediata e directa en calquera momento do día.

Ao marxe de tódalas ordes e instrucións que determine o desenvolvemento diario das operacións e das propostas de modificación ou mellora que se poidan efectuar sobre calquera dos aspectos incluídos nas



autorizacións, corresponderá en particular ás Xefaturas de Zona propoñer as condicións técnicas ás que terán que axustarse os buques para operar nun porto ou portos determinados, os puntos de atraque autorizados, os servizos de utilización de espazos portuarios susceptibles de ser prestados e as frecuencias horarias, que en todo caso se establecerán tendo en conta criterios estritos de explotación portuaria, e fundamentalmente tanto a dispoñibilidade de espazos portuarios como a optimización dos ditos espazos en función do que esixa o número e as características das autorizacións solicitadas.

- 24ª.- Para os efectos do control do desenvolvemento das operacións en transportes de tipo regular e en particular do réxime tarifario previsto na condición xeral 15ª, e no que atinxe polo tanto aos servizos autorizados de entrada, estancia, atraque e embarque e desembarque de pasaxeiros, as empresas autorizadas deberán de comunicar ás Xefaturas de Zona cunha antelación mínima de 5 días, agás causa xustificada aceptada por Portos de Galicia, tanto a data de inicio como a de finalización das operacións. Calquera denuncia sobre o incumprimento desta obriga implicará a apertura de procedemento administrativo sancionador e poderá ser causa de resolución da autorización.

Ao marxe destes servizos, calquera outros que a empresa autorizada desexe recibir, e en particular o subministro de auga ou electricidade, deberá de ser solicitado de acordo coa normativa vixente e lle será liquidado aplicando as taxas portuarias en vigor.

- 25ª.- A autorización de utilización dos servizos portuarios correspondentes á entrada, estancia e atraque dos buques autorizados non releva da obriga de obter e aportar as autorizacións previas que corresponda outorgar a outras Autoridades. En particular, antes de iniciar as actividades cos buques apuntados, será preciso aportar o preceptivo despacho expedido polas Capitanías Marítimas coa periodicidade e nas condicións que estipule a normativa en vigor.
- 26ª.- O outorgamento desta autorización e ao aboamento regular das liquidacións en concepto de tarifas X-1 e X-2, ou no seu caso a tarifa X-5, conforme ao establecido neste prego, non releva da obriga de desatracar ou de rectificar a atracada cando así sexa ordenado por persoal de Portos de Galicia. O incumprimento destas ordes da mesma maneira que o atraque ou entrada nas augas do porto sen autorización ou a prolongación da estadía dun buque por enriba do tempo normal previsto ou o atraque nun lugar non autorizado para tal fin, implicará, con independencia das sancións a que estas actuacións deran lugar, a aplicación das contías que para estes casos se prevén na regra 15ª da tarifa X-1 e nas regras décima a décimo segunda da tarifa X-2 e poderá ser causa de resolución da autorización, ou no seu caso a regra 10ª da tarifa X-5.
- 27ª.- Cando a empresa autorizada para operar con carácter regular teña previsto utilizar un buque ou buques distintos dos que foron autorizados inicialmente con carácter de base, terá que comunicar esta circunstancia á Xefatura de Zona solicitando a preceptiva autorización de atraque cunha antelación mínima de 2 días, agás causa xustificada e aceptada por Portos de Galicia, sempre que se trate de buque ou buques que figuren expresamente mencionados na autorización para o caso de substitucións; de tratarse de buque ou buques que non figuren expresamente citados no corpo da autorización, as empresas terán que solicitar á Xefatura de Zona ademais da autorización de atraque, a preceptiva autorización de cambio de buque acompañada da documentación que se especifica no apartado c).2 da condición xeral 9ª deste prego, cunha antelación mínima de 5 días, agás causa xustificada que sexa aceptada por Portos de Galicia.

Cando se estea ante o caso dunha autorización para realizar un transporte de tipo ocasional que non se atope por tanto suxeita nin a calendario nin a horarios predeterminados, será en todo caso preciso solicitar da Xefatura de Zona autorización de atraque cunha antelación mínima de 2 días, agás causa xustificada e aceptada cando se trate do buque ou buques que figuren na autorización, ou autorización de atraque e de cambio de buque cunha antelación mínima de 5 días de tratarse de buque ou buques distintos dos autorizados.

Cando a autorización para operar tivera sido outorgada a consecuencia da celebración dunha convocatoria pública e as condicións técnicas do buque ou buques propostos figuraran entre os criterios obxectivos de adxudicación, a substitución só poderá efectuarse con buques que igualem ou superen as ditas condicións.

No caso de incumprimento desta condición, será de aplicación o establecido na anterior condición 26ª.

- 28ª.- Aos efectos do aboamento da tarifa X-3 por embarque de pasaxeiros, a empresa autorizada deberá de poñer a disposición de persoal de Portos de Galicia, agás que se dispoña outro sistema, nos primeiros cinco días de cada mes as matrices dos talonarios de billetes de pasaxe expedidos no mes anterior, que deberán de ter





unha numeración correlativa e dos que se prohíbe a súa duplicidade durante un prazo de 3 anos.

O control da venda de billetes así como o control de accesos á zona de embarque poderá ser modificado mediante a implantación de aplicativos e sistemas de control de accesos ós puntos de embarque ou desembarque por Portos de Galicia. Neste caso o titular da autorización deberán adaptar os seus sistemas informáticos e organizativos ó sistema indicado, tanto para control de acceso como para traspaso de datos a efectos de facturación, estatísticos ou de calquera índole, sendo o custo das adaptación necesarias a costa do titular da autorización.

Sen prexuízo do establecido nos anteriores parágrafos, Portos de Galicia poderá solicitar en calquera momento estes datos, e poderá igualmente realizar inspeccións periódicas coa finalidade de comprobar a súa veracidade. O falseamento constitúe unha infracción administrativa que motivará a incoación inmediata de expediente administrativo sancionador, sen prexuízo de que a reiteración ou a gravidade na ocultación impliquen a resolución da autorización.

O incumprimento de calquera dos extremos desta condición será causa de caducidade da autorización.

- 29ª.- No desenvolvemento das manobras de atraque e desatraque e durante a permanencia do buque ou buques en porto, da mesma maneira que no desenvolvemento das operacións de embarque de pasaxeiros e/ou de vehículos, acataranse todas as ordes e instrucións que, de ser o caso, sexan impartidas por responsables de Portos de Galicia, e particularmente polas Xefaturas de Zona respectivas e polos celadores gardapeiraos destinados no porto, que, a estes efectos, teñen a condición de axentes da autoridade de Portos de Galicia no exercicio das potestades de policía portuaria recollidas no regulamento de servizo e policía aprobado pola Orde Ministerial do 12 de xuño de 1976.
- 30ª.- Os puntos de atraque dos buques serán os que figuren expresamente determinados nas condicións particulares da autorización, ou os que, de ser o caso, lles sexan sinalados polas Xefaturas de Zona directamente ou por medio dos celadores gardapeiraos.
- 31ª.- Os buques atracarán nos puntos dos peiraos que sexan sinalados de maneira que non obstaculicen outras labores de explotación ou utilización do porto, e sen que poidan causar danos ou avarías ás obras, instalacións ou utilaxe do porto, tomándose as medidas que sexan axeitadas para evitar que durante a súa estancia ou no momento de efectuar as operacións de desatraque poidan ocasionalos.

A velocidade máxima de acceso dos buques á Zona I (augas interiores) do porto será de 3 nodos.

- 32ª.- Está rigorosamente prohibido que os buques realicen durante a súa estancia en porto vertidos de calquera tipo ou produzan calquera outra clase de contaminación. En todo caso, calquera circunstancia ineludible deste tipo que puidera presentarse, notificarase inmediatamente aos celadores gardapeiraos responsables do porto e á Autoridade de Mariña que sexa procedente.
- 33ª.- Na zona de acceso ao buque dos pasaxeiros instalase de forma visible un indicativo no que figure o número máximo de pasaxeiros permitidos a bordo e a súa distribución de acordo cos datos que figuren non cálculos de estabilidade do buque, no certificado de seguridade do buque do pasaxe ou no certificado do número máximo de pasaxeiros e tripulantes.

Instalase así mesmo un indicativo de control no que reflectirase o número de pasaxeiros que viaxen a bordo do buque, unha vez verificado o recento previsto na seguinte condición.

- 34ª.- Antes de que os buques de pasaxe saian do porto onde se inicie a travesía, deberase de efectuar un recento do número total de persoas embarcadas. O seu resultado comunicase, antes igualmente do inicio da travesía, ao Capitán do buque e aos servizos en terra da empresa navieira encargados de notificar a dita información aos órganos competentes en materia de salvamento marítimo, no caso de que se producira unha emerxencia ou despois dun accidente.

O Capitán asumirá a responsabilidade de que o número de persoas a bordo dun buque de pasaxe non supere a capacidade autorizada para o dito buque.



As empresas conservarán os datos sobre o número de persoas embarcadas nos buques de pasaxe durante un ano dende á finalización da viaxe.

- 35ª.- As pasarelas, ramplas ou calquera outra clase de medios mecánicos que as empresas destine ás actividades do servizo, estarán adaptadas para que as persoas con mobilidade reducida poidan ter un acceso cómodo e seguro aos buques utilizados para o transporte, baseándose, na medida do factible, nas directrices establecidas na normativa en vigor, atendendo en especial ao establecido no Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, ao Real Decreto 1544/2007, do 23 de novembro que regula as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, a Lei 8/1997, do 20 de agosto de Accesibilidade de Galicia e o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras de Galicia, sendo en calquera caso a instalación dos medios de acceso inmediato ao buque competencia e responsabilidade da empresa autoprestadora do servizo.
- 36ª.- Portos de Galicia controlará as condicións de calidade e medio ambiente das actividades que desenvolvan as empresas autorizadas na zona portuaria así como os sistemas de seguridade que sexan de aplicación, mediante instrucións técnicas ou outros procedementos normativos.

Como normas xerais, relativas á calidade do servizo e protección do medio ambiente, as empresas prestadoras:

1. Cumprirán, como mínimo, as prescricións que se establezan na lexislación medioambiental vixente, e as que figuren nos seus plans de xestión medioambiental e de continxencias.
2. Aportarán, cando se lles esixa, as evidencias do cumprimento da lexislación ambiental (ensaios u outro tipo de rexistros dos controis efectuados), e remitirán tanta documentación lles sexa requirida a estes efectos.
3. Atenderán inmediatamente as instrucións que en cada momento dite Portos de Galicia para garantir a protección medioambiental e a calidade das operacións.
4. De maneira voluntaria, cando dispuxeran dun plan de xestión de calidade e estiveran obrigados a presentar o plan de continxencias medio ambientais, segundo a normativa correspondente, executarán as accións preventivas definidas nos seus sistemas integrados de xestión da calidade e do medio ambiente, incluírán nos mesmos as instrucións técnicas de Portos de Galicia e calquera outra normativa reguladora da actividade, e enviarán a Portos de Galicia unha copia das auditorías periódicas que se realicen no sistema, se é o caso, integrado de xestión.
5. No caso de que se produzan residuos perigosos, estarase ao disposto na lexislación vixente de aplicación, asumindo a xestión dos mesmos en base ao disposto na devandita lexislación e na normativa técnica que Portos de Galicia desenvolva ao respecto.
6. Quedarán en calquera caso suxeitos ás prescricións resultantes do Convenio Internacional para previr a contaminación ocasionada por buques de 1973, modificado polo seu protocolo de 1978, na súa versión vixente (MARPOL 73/78), do Real Decreto 1381/2002, do 20 de decembro, relativo a instalacións portuarias de refugallo de residuos xerados por buques e residuos de carga, e, en consecuencia a tódolos instrumentos normativos, contractuais ou doutra índole que en aplicación desta normativa estableza Portos de Galicia.
7. Aportarán o plan de emerxencia aplicable ao desenvolvemento da súa actividade que no seu caso se integrará co plan ou plans efectuados por Portos de Galicia.
8. A xestión da calidade establecida pola empresa para as súas actividades, deberá garantir a transmisión das normas establecidas por Portos de Galicia a terceiros vinculados coas súas actividades, como poden ser empresas de reparacións, de avituallamento e en xeral, de calquera outra actividade relacionada coa empresa na zona de servizo do porto. Sen embargo, a comunicación das normas non libera á empresa prestadora das súas responsabilidades polo incumprimento, por parte de terceiros ao seu cargo, das normas establecidas por Portos de Galicia.

- 37ª.- As empresas prestadoras deberán manter operativo en todo momento o sistema de prevención de riscos





laborais. En cumprimento do disposto na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e demais normativa de desenvolvemento, elaborarán toda a documentación relativa ás obrigas que lles impón a dita lexislación, documentación que deberán conservar a disposición da autoridade laboral, así como de Portos de Galicia, e deberán designar un coordinador de seguridade e saúde que asuma a representación aos efectos sinalados ante Portos de Galicia.

A acción preventiva deberá comprender tódolos traballos, de calquera natureza, desenvolto pola empresa na zona de servizo do porto, tanto mediante persoal propio como mediante traballadores portuarios ou eventuais. Así mesmo, nos termos que corresponda segundo a lexislación de prevención de riscos laborais, a acción preventiva da empresa deberá de estenderse aos traballos que desenvolvan na zona de servizo do porto terceiros vinculados de forma permanente ou temporal á súa actividade, como empresas de reparacións, avituallamento e en xeral, calquera outras relacionadas coa dita actividade.

O titular da concesión, co fin de dar cumprimento ó indicado no artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, desenvolta por el R.D. 171/2004, de 30 de xaneiro, comprométese ó seguinte:

- Recibir e trasladar o seus traballadores a Ficha de Información de riscos e medidas preventivas dos portos. O dito documento está a súa disposición na páxina web www.portosdeg Galicia.com.
- Recibir e trasladar ós seus traballadores as Medidas de Emerxencia e Listados de Teléfonos de Emerxencias que están a súa disposición e na páxina web www.portosdeg Galicia.com
- Entregar a Portos de Galicia a Avaliación de Riscos e as medidas de Emerxencias correspondentes á actividade a desenvolver na concesión. Cando se produza modificación na actividade inicialmente realizada, enviara novamente a dita Avaliación de Riscos.
- Deberán informar a Portos de Galicia relación de todas las subcontratas que realicen traballos dentro da zona obxecto da concesión e deberán aportar a avaliación de riscos e medidas de emerxencia deles.
- Proporcionar á Portos de Galicia os nomes e apelidos dos traballadores que vaian a actuar como Recurso Preventivo durante os traballos a realizar no dominio público portuario.
- Acudir ás reunións en materia de coordinación de actividades empresariales que, no seu caso, lle propoña Portos de Galicia e acatar todas as instrucións de seguridade que emanen da dita entidade pública

38ª.- Sen prexuízo do establecido nas anteriores condicións 36ª e 37ª, a empresa autorizada está obrigada ao cumprimento das disposicións vixentes, segundo os casos, en materia de prevención de riscos laborais e en sistemas de seguridade en xeral que lles resulten aplicables.

39ª.- Naqueles portos afectados polo Código Internacional para a protección dos buques e instalacións portuarias (CÓDIGO PBIP) adoptado pola Conferencia Diplomática sobre Protección Marítima celebrada en Londres en decembro do 2002 e trasposto á normativa comunitaria polo regulamento CE nº 725/2004, observaranse igualmente as prescricións contidas nos respectivos plans de protección das instalacións portuarias, e as instrucións que en aplicación do mesmo sexan impartidas polos oficiais de protección das citadas instalacións.

Extinción da autorización.

40ª.- A presente autorización extinguirase polas seguintes causas:

- a. O remate do prazo de vixencia previsto na autorización.
- b. A revogación pola perda ou polo incumprimento dos requisitos previstos para poder acceder a prestar o servizo, ou non adaptación ás prescricións reguladoras do servizo cando sexan modificadas.
- c. A resolución polo incumprimento das condicións do prego regulador do servizo e da autorización que se definan como esenciais nos ditos documentos, e en especial das relativas ás obrigas derivadas do servizo público, das exixencias de seguridade para a prestación do servizo e das obrigas de protección do medio ambiente.
- d. A extinción da autorización ou concesión de ocupación do dominio público portuario que se precise para a prestación do servizo, no suposto de que non constitúan un expediente único.



- e. Incumprimento grave e reiterado das condicións esenciais establecidas no título habilitante.
- f. Falta de actividade durante un período de 6 meses consecutivos ou durante un período dun mes dentro da tempada alta de máxima actividade ou de 15 días nesa mesma temporada cando neste a autorización houbera sido outorgada en virtude de concurso derivado da limitación do número de prestatarios, agás causa xustificada e aceptada por Portos de Galicia.
- g. Non adaptación aos pregos reguladores e condicións particulares nos supostos definidos na Disposición Final 42ª.
- h. Renuncia do titular que só poderá ser aceptada por Portos de Galicia cando non cause prexuízos a este ou a terceiros.
- i. Transmisión da autorización sen autorización previa de Portos de Galicia, nos supostos incluídos na condición xeral 43ª
- j. Polas demais causas establecidas no prego regulador e nas condicións particulares que integren a autorización.

Aos efectos da aplicación da causa de resolución mencionada no apartado f , enténdese por tempada alta de máxima actividade a correspondente aos meses de xullo e agosto.

- 41ª.- Extinguida a autorización, Portos de Galicia non asumirá ningún tipo de obriga laboral, económica, contractual ou de calquera outra clase que tivera contraída o titular da autorización.

Disposicións Finais

- 42ª.- Con arranxo aos principios de obxectividade e proporcionalidade, e en calquera caso sempre que veña imposto por normativa de aplicación, Portos de Galicia poderá modificar as condicións impostas aos titulares desta autorización, previa audiencia dos interesados, cando se modifiquen as condicións do presente prego regulador. A modificación establecerá un prazo para que os titulares se adapten ao nela disposto. Transcorrido o dito prazo sen que teña lugar a adaptación, as autorizacións quedarán sen efecto.
- 43ª.- Se as autorizacións se vinculan a unha concesión de ocupación de dominio público, poderán transmitirse a persoas distintas daquelas ás que foron orixinariamente outorgadas, previa autorización de Portos de Galicia, cando se dean conxuntamente as seguintes circunstancias:
- a) Que a transmisión se faga a favor dunha persoa física ou xurídica que cumpra os requisitos sinalados na condición 8ª deste prego, e que aporte a documentación que se require na condición 9ª .
 - b) Que se cumpran os requisitos previstos para a transmisión da concesión administrativa, cando a autorización se transmita xunto coa concesión do dominio público no que se desenvolve a actividade.
- 44ª.- As reclamacións sobre aplicación ou interpretación deste prego, agás as reclamacións relativas á aplicación das taxas, serán resoltas polo Presidente de Portos de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.
- As reclamacións relativas á aplicación de taxas serán resoltas pola Dirección de Portos de Galicia e serán recorribles na vía económico-administrativa.
- 45ª.- Aquelas empresas que non poidan aportar coa súa solicitude o plan de emerxencia para o caso de accidentes e o de continxencias medioambientais que se mencionan no apartado b) da condición 9ª.7 deste prego por non dispoñer deles, disporán dun prazo máximo de 6 meses para aportar os seus propios plans. O incumprimento deste requisito será causa de extinción da autorización.
- 46ª.- Este prego de condicións será de aplicación dende o día seguinte ao da publicación do Acordo de aprobación polo Consello de Administración de Portos de Galicia no Diario Oficial de Galicia. As autorizacións vixentes a data en vigor do presente prego seguirán manterán a súa vixencia, agás que sexa solicitada a súa adaptación a instancia de parte ou de oficio se Portos de Galicia o considerase oportuno.
- 47ª.- Serán de conta dos adxudicatarios todos os gastos que se ocasionen con motivo desta autorización.





Condições particulares

- 1ª.- O tráfico anual mínimo comprometido é de _____pasaxeiros/ano. A liquidación anual practicada non pode ser inferior a resultante de aplicar esta contía.
- 2ª.- Os humanos e materiais mínimos cos que se conta para prestar o servizo son_____



ANEXO IV.- PLANO DE SITUACIÓN E PLANTA DAS INSTALACIÓNS






DEUP APROBADO POR RESOLUCIÓN 6-08-2013


- USO TRANSPORTE PASAJEROS
- USO MIXTO PESQUEIRO-MEXILLONERO-NAUTICO-DEPORTIVO
- USO ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS AS PORTUARIAS
- USO INFRAESTRUCTURAS BASICAS PORTUARIAS
- USO MIXTO PESQUEIRO-MEXILLOERO
- USO NAUTICO-DEPORTIVO

PLAZAS DE ATRAQUE	
PASAJE	
TAMANO PLAZA	Nº PLAZAS
20,00 x 10,25	6
24,00 x 12,00	6
34,00 x 10,25	2
TOTALES	14

- PLAZAS DE ATRAQUE
- CASSETAS



ZONA DE SERVICIO DEL PUERTO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Portos
de Galicia

PORTO: O GROVE (O GROVE-PONTEVEDRA)	CARTOGRAFIA OFICIAL ACTUALIZADA				
REFERENCIA:	TÍTULO DO PLANO:	PLANTA XERAL			
CLAVE PORTO:	ESCALAS:	DATA:	Nº PORTO:	Nº PLANO:	
13-08	1/750	ENERO 2020	13	01	
FOLLA: 01 DE 01					





ANEXO V: SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA.

(Será proporcional e vinculada ó obxecto do procedemento)

A acreditación da solvencia cos umbrais de suficiencia que se establecen neste apartado, será esixida en todo caso aos licitadores que resulten adxudicatarios, sen prexuízo de que a Presidencia de Portos de Galicia poida en calquera momento esixir esta acreditación a calquera licitador.

d.1) Respecto da xustificación do cumprimento da **solvencia económica e financeira** por algún dos seguintes medios:

Solvencia económica e financeira, técnica e profesional para facer fronte as obrigas resultantes da autorización. Para elo tomarase como base a tipoloxía do transporte marítimo solicitado e a facturación ingresos anuais previstos para o tráfico mínimo esixido na letra g) da condición 8ª do prego que rexe actividade de pasaxe, que é concreto para este procedemento é o seguinte:

d.1.a) O solicitante deberá acreditar un volume anual de negocios, referido ó mellor exercicio dentro dos tres últimos enteiros dispoñibles por importe igual o superior ó indicado a continuación segundo o tipo de tráfico. Acreditarase mediante presentación de contas anuais dos últimos anos enteiros e declaración do solicitante indicando o volume de negocios global da empresa no ano máis vantaxoso. As contías mínimas a xustificar son as seguintes:

- Trafico regular: 165.000 €
- Trafico temporal: 120.000 €

d.1.b) Tamén se poderá acreditar xustificando a **existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais** por importe igual ou superior as contías indicadas anteriormente segundo o tipo de tráfico que se solicite.

O vixencia da póliza deberá manterse ata a finalización da autorización ou ata que se se poida acreditar a solvencia polos medios indicados no apartado d.1.a).



ANEXO VI: SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL. COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DE MEDIOS.

d.1) Criterios de selección relativos á solvencia técnica ou profesional do empresario.

Só serán admitidas na licitación, as empresas e as persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, é dicir, prestación de servizo de pasaxe, segundo se explícita nos estatutos ou regras fundacionais da escritura de constitución, e ademais acredítese.

COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DE MEDIOS PERSOAIS:

Os licitadores acreditasen na súa oferta que dispoñen dunha organización (medios humanos e materiais), suficientes para a prestación do servizo.

Posteriormente a adxudicación, e previamente a inicio da prestación do servizo, xustifícase a dispoñibilidade dos Técnicos propostos na súa oferta de licitación. Remitirá a seguinte documentación relativa ao persoal adscrito actividade autorizada; historiais profesionais e titulacións académicas.

A substitución dos medios adscritos non poderá realizarse sen a previa autorización de Portos de Galicia. A tal fin, o titular da autorización deberá remitir a Portos de Galicia unha xustificación dos novos medios ou un historial profesional das novas persoas propostas.

d.2) Respecto da xustificación do cumprimento da **solvencia técnica ou profesional** empregando os seguintes medios.

Concretamente o solicitante deberá acreditar a solvencia técnica mediante declaración na que se indique a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a prestación do servizo, á que se achegara a documentación acreditativa pertinente cando lle sexa requirido polos servizos técnicos de Portos de Galicia. Deberá incluírse na declaración a idoneidade do equipo proposto (humano e material) ó tipo de pasaxe se propón transportar.

Inclúese como requisito mínimo o COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DOS MEDIOS MÍNIMOS seguintes:

- Acreditación de dispoñibilidade de embarcación de pasaxe acorde ás necesidades do servizo, e a capacidade de atraque descrito no prego de prescricións particulares, achegando folla de asiento e certificado de navegabilidade, e cumprimento íntegro da normativa de navegación aplicable, xustificación da titularidade ou precontratos relativos a súa dispoñibilidade.
- Posta a disposición, sen prexuízo de cumprir coa tripulación esixida como mínima polas normativa de navegación, ben como parte da tripulación de cada embarcación ben como persoal de apoio en terra, como mínimo dun/ha mariñeiro/a coa formación axeitada, para prestar auxilio e axuda no embarque e desembarque a todas as persoas que amosen calquera tipo de dificultade motriz (coxeira, torpeza-dificultade na axilidade deambulatoria, cadeira de rodas, e calquera outra discapacidade das recoñecidas legalmente).
- Acreditación da posta a disposición dos medios de embarque/desembarque suficientes para garantir o embarque/desembarque con seguridade para todos os usuarios e en especial os que teñen mobilidade reducida.





ANEXO VII.- MODELO DE AVAL PROVISIONAL/DEFINITIVO



ANEXO VII

MODELO DE AVAL PROVISIONAL/ DEFINITIVO

Nº Operación:

(NÚMERO DA OPERACIÓN)

A entidade **(NOME DA ENTIDADE QUE AVALA)**, NIF **(NIF DA ENTIDADE QUE AVALA)**, con enderezo **(ENDEREZO DA ENTIDADE QUE AVALA)** e no seu nome e representación D. **(NOME E APELIDOS DO/DA REPRESENTANTE DA ENTIDADE QUE AVALA)** con NIF **(NIF DO/DA REPRESENTANTE DA ENTIDADE QUE AVALA)**, e con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se indica na parte inferior deste documento,

AVALA

a **(NOME DA ENTIDADE AVALADA)** con CIF **(CIF DA ENTIDADE AVALADA)**, en virtude do disposto no **ARTIGO 120. P)** da **LEI 6/2017, DO 12 DE DECEMBRO, DE PORTOS DE GALICIA** e do **PREGO XERAL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES INHERENTES Á PRESTACIÓN DE SERVIZO AO PASAXE NOS PORTOS E INSTALACIÓNS PORTUARIAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA** para responder a autorización cuxo obxecto é a realización de actividades inherentes á prestación de servizo de pasaxe no porto de **(PORTO)** ante a entidade pública empresarial PORTOS DE GALICIA, con C.I.F. nº Q-6550023-C, por importe de: **TRES MIL EUROS (3.000 €)**.

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos nos termos e condicións establecidos na Lei 6//2017, de 12 de decembro, de portos de Galicia. Este aval outorgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago ao primeiro requirimento da Caixa Xeral de Depósitos ou órgano equivalente das restantes Administracións Públicas, con suxeición aos termos previstos na Lei 6/2017, na lexislación de contratos do Sector Público aplicable supletoriamente, e na normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos.

O presente aval estará en vigor ata que A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA (EPE) ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para elo, autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido nos termos e condicións establecidos da citada Lei 6/2017, do 12 de Decembro, de portos de Galicia, nos pregos de base que rexen a autorización, así coma no artigo 108 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de Novembro de Contratos do Sector Público e demais lexislación complementaria, de aplicación supletoria.

Este aval foi **INSCRITO NESTA MESMA DATA NO REXISTRO ESPECIAL DE AVAIS CO Nº: (NÚMERO DE AVAL)**.
En(Cidade)a **(DATA)**

(NOME DA ENTIDADE QUE AVALA)

P.P.

BASTANTEO DE PODERES POLA ASESORÍA XURÍDICA DA CAIXA XERAL DE DEPÓSITOS DA CONSELLERÍA DE FACENDA		
ovincia:	ta:	úmero ou código:

